Lonxe das afirmacións gobernamentais de que esta proposta sexa beneficiosa e amplíe a solidariedade interterritorial, o que vemos é que novamente o centralismo inxusto e insolidario prexudica Galiza cunha proposta que só perpetuaría os problemas do actual sistema e engadiría outros novos. Máis aínda, cabe sinalar que esta proposta non avanza na descentralización nin no exercicio do autogoberno, pois a proposta de ampliación da participación en materia impositiva é anecdótica. A proposta de cesión de impostos adicional no IRPF e no IVE non serve para avanzar no desenvolvemento das nosas competencias fiscais nin resolve o espolio fiscal que sofre Galiza cada ano por parte do Estado, máis alá de ser unha proposta global que non recolle a singularidade de nación do noso país e que polo tanto segue a ser conservadora e centralista.

Finamente, cabe destacar a falta de rigor e seriedade á hora de prever un fondo para a crise climática que parece ignorar a afectación a Galiza deste problema, a nova incorporación de criterios opacos de statu quo ou o anuncio dunha marxe escasa de tempo para o posicionamento dos gobernos autonómicos nunha próxima conferencia sectorial.

O debate sobre o financiamento é o debate máis importante politicamente para o futuro do noso país e a nosa posición está lastrada de partida pola falta de peso político do goberno do Partido Popular, que polo seu sectarismo e submisión política se negaron a negociar bilateralmente co Estado asumindo a posición da súa dirección madrileña. É evidente que isto prexudicou Galiza e agora vemos os resultados.

Por estes motivos, é necesario e urxente que o Parlamento Galego se posicione e que o arco parlamentario galego reoriente esta estratexia a favor dunha estratexia de país





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que defenda os intereses de Galiza e o autogoberno fiscal e financeiro que debe ter a nosa nación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego expresa, por resolución, o seu rexeitamento á proposta de reforma do sistema de financiamento avanzada polo goberno do Estado por prexudicar os intereses do noso país e empeorar criterios fundamentais para o sostemento dos servizos públicos esenciais.

Así mesmo, insta a Xunta de Galiza a rectificar a súa estratexia e traballar para procurar un consenso galego na defensa dos nosos intereses así como negociar bilateralmente co goberno do Estado un trato xusto e acorde co noso papel de nación, que nos permita avanzar en autogoberno.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2026 10:15:27

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2026 10:15:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2026 10:15:48

Secundino Fernández Fernández na data 12/01/2026 10:15:59

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/01/2026 10:16:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:13
Nº Rexistro: 44800
Data envío: 12/01/2026 10:26:13.094

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 10:26:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 10:26:13
Nº Rexistro: 44800
Data envío: 12/01/2026 10:26:13.094

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación de colapso dos servizos de urxencias hospitalarias

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o goberno galego se pronuncie canto antes dada a preocupación social por esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública galega atópase nun colapso constante. As políticas do Partido Popular provocaron que a día de hoxe a poboación teña dificultades para poder recibir a asistencia sanitaria que precisa.

As listas de espera absolutamente masificadas agrávanse no caso da Atención Primaria. A lonxitudinalidade, pilar básico deste nivel asistencial, non está garantida para un gran número de pacientes, tanto adultas coma pediátricas. A falta de profesionais e recursos supón que moitas pacientes non poidan ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atendidas no seu centro de saúde, e acaben recorrendo a servizos de atención urxente para poderen recibir esta asistencia.

O colapso dos servizos de urxencias hospitalarias é unha constante que se vén repetindo durante os últimos anos, maia agrávase nestes meses polo incremento de patoloxía infecciosa respiratoria. Así, nas últimas semanas sucedéronse as noticias na prensa sobre a situación de colapso nos hospitais públicos galegos, con pacientes amoreadas nos corredores agardando para seren atendidas ou incluso hospitalizadas.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir con carácter inmediato ao Parlamento un informe onde conste, cando menos:

- Datos de pacientes atendidas desde o comezo do mes de decembro nos servizos de urxencias hospitalarias, desagregadas por hospital e día.
- Número de camas dispoñíbeis en cada centro hospitalario e porcentaxe de ocupación.
- Profesionais por quenda nos SUH, desagregadas por categorías profesionais, tipo de contrato e centro hospitalario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tempo medio de estancia de urxencias, desagregado por centro e destino das pacientes (alta, ingreso).”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2026 9:51:17

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2026 9:51:30

Iago Suárez Fernández na data 13/01/2026 9:54:51

Ariadna Fernández González na data 13/01/2026 9:55:10

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2026 9:55:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 9:55:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:55:43
Nº Rexistro: 44969
Data envío: 13/01/2026 09:55:43,498

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45299
Data envío: 13/01/2026 19:48:09.891

Asinado o día 13/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Cristina Sanz Arias, Elena Candia López e Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas diante do impacto que o novo tratado comercial entre a Unión Europea e Mercosur pode ter no sector primario

Exposición de Motivos

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Parlamentario Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a esixencia de salvagardas específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo produto foráneo cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Cláusulas que debería defender con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. Ademais, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno central.

Asinado o día 13/01/2026 ás
19:44
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 13/01/2026 ás
19:44
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores que tamén compartimos é as peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común, especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. É imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa..

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que protexa o sector primario, defenda as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur ante posibles ameazas e garanta e intensifique os controis de fronteira co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares de calidade, sanidade e benestar animal que os esixidos na Unión Europea”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 19:44:31
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 13/01/2026 19:44:41
María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2026 19:44:51
José Mato Díaz na data 13/01/2026 19:45:08
Enrique Barreiro Sánchez na data 13/01/2026 19:45:15
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 19:45:25
Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 19:45:31
Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 19:45:42
Ángel Rodríguez Conde na data 13/01/2026 19:45:52
Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 19:46:00
Paula Prado del Rio na data 13/01/2026 19:46:10
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 19:46:19
Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 19:46:27
Elena Candia López na data 13/01/2026 19:46:35
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 19:46:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 19:48:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45299
Data envío: 13/01/2026 19:48:09.891

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:46:46
Nº Rexistro: 45935
Data envío: 16/01/2026 09:46:46.632

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:41
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Ramón Fernández Alfonso, Paulo Ríos Santomé, Iria Taibo Corsanego, Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Secundino Fernández Fernández e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña.

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:41
Por Paulo Ríos Santomé

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos polo tremendo impacto que a folga do transporte está a ter nun servizo esencial para a cidadanía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de decembro do 2025 os 3 sindicatos maioritarios da Galiza advertían do bloqueio por parte da patronal da negociación do convenio de transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, un convenio que ademais de afectar a 3.000 persoas traballadoras afecta tamén á practica totalidade de empresas de transporte en autobús da provincia.

Un sector que presta un servizo esencial para a cidadanía, para milleiros de persoas en toda a provincia que o utilizan a diario para ir ao traballo, aos centros de ensino, de saúde, etc.

A política de mobilidade do Partido Popular consistiu desde que Feijóo chegou á presidencia da Xunta en desmantelar o sector promovendo a desaparición de numerosas

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:41
Por Ramón Fernández Alfonso





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

pequenas empresas e a concentración de todos os contratos nas mans de apenas 3 grandes empresas, con unha preferencia pública e notoria por Monbus, que ten practicamente o monopolio do sector.

Este monopolio ten o seu reflexo na composición da mesa de negociación do convenio, con unha patronal totalmente condicionada pola vontade e as directrices de Monbus.

O convenio leva 4 anos caducado e xa foi superado pola normativa actual en materias como conciliación ou control horario. Os sindicatos salientan que as súas reivindicacións son tan básicas como adaptar o texto do convenio á normativa vixente, acadar incrementos salariais dignos e unha cláusula de revisión en función do IPC, así como avanzar nos dereitos do persoal acompañante do transporte escolar que sofre condicións moi precarias, ou incluír unha cláusula de xubilación parcial que promova o relevo profesional antes dos 67 anos.

A bloqueo patronal levou á convocatoria de varias xornadas de folga e a unha tentativa de mediación xa en decembro por parte do CGRL da que marchou a patronal sen facer avance ningún.

A día de hoxe, 7ª xornada de folga no sector, coas estacións de Ferrol, A Coruña e Compostela practicamente paralizadas e milleiros de persoas afectadas, a Xunta de Galiza segue protexendo a súa criatura contra vento e marea, e todo parece conducirnos a unha folga indefinida no mes de febreiro.

Compre lembrar a responsabilidade da Xunta nesta situación, na promoción e alimentación do monopolio de Monbus, no seu papel de principal contratista e reguladora do sector, así como de autoridade laboral.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reunirse coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña.
2. Dirixirse aos grupos empresariais cos que contrata a prestación deste servizo esencial para a cidadanía e chamalos a retomar a negociación do convenio atendendo a súa obriga de negociar de boa fe.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 9:41:08

Paulo Ríos Santomé na data 16/01/2026 9:41:24

Iria Taibo Corsanego na data 16/01/2026 9:41:34

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2026 9:41:41

Rosana Pérez Fernández na data 16/01/2026 9:41:49

Secundino Fernández Fernández na data 16/01/2026 9:41:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/01/2026 9:42:06



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 9:46:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:46:46
Nº Rexistro: 45935
Data envío: 16/01/2026 09:46:46.632

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:46:40
Nº Rexistro: 46615
Data envío: 19/01/2026 16:46:40.031

Asinado o día 19/01/2026 ás 16:43
Por Gonzalo Trenor L

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Rio, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos**, polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento da Cámara en relación coa proposta de financiamento autonómico presentada polo Goberno de España

Exposición de Motivos

O pasado 9 de xaneiro, a Ministra de Facenda, Sra. Maria Jesús Montero, convocaba unha rolda de prensa para facer público o novo sistema de financiación autonómica que previamente pactou o Presidente do Goberno, Pedro Sánchez e o líder de Esquerra Republicana de Cataluña, Oriol Junqueras. Este novo sistema coñecemos días despois, tamén pola prensa, era o resultado de varias reunións secretas anteriores entre ambos e que estaba deseñada polo presidente da Generalitat de Cataluña.

Anunciaba a Ministra de Facenda, nesa mesma rolda de prensa, que convocaría o Consello de Política Fiscal e Financeira para trasladarlles as Comunidades Autónomas o novo sistema de financiación. Finalmente o 14 de xaneiro todas as comunidades autónomas acudiron a convocatoria na que sen posibilidade de negociación nin debate, se lles deu traslado do acordo que días antes coñeceran pola prensa .

O Presidente do Goberno e o líder de ERC pactaron, de forma bilateral, unha financiación autonómica na que Cataluña sae claramente beneficiada e que trasladaron como un acordo no que “todo o mundo gaña e ninguén perde” pero que supón para Cataluña, por un lado 4.700 millóns de euros, un 12% mais, de ingresos e por outro deixar de aportar ao sistema case 1.500 millóns de euros.

Con este acordo, unha vez máis, Galicia sae perdendo e recibirá 578 millóns de euros que representan un 2,8% dos 21.000 millóns de incremento do sistema, aínda que Galicia supoña o 6,5% da poboación axustado.

Asinado o día 19/01/2026 ás 16:43
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 19/01/2026 ás 16:42
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Isto suporá que tendo en conta a poboación axustada Galicia pase de ser unha comunidade autónoma financiada un pouco por encima da media a ser unha das peor financiadas.

Galicia sempre defendeu que cada comunidade autónoma presenta as súas singularidades e todas deben ser tidas en conta, porque, de actuar en sentido contrario, estaríase a consagrar que hai cidadáns de primeira e de segunda, en función do lugar onde se viva. De feito, Galicia conta cunha capacidade fiscal próxima ao 89% da media española, mentres que as súas necesidades de gasto están ao redor do 108%. Ademais, elementos característicos como a dispersión territorial ou o envellecemento, tradúcense na nosa comunidade nun custo engadido á hora de prestar os servizos públicos, sen que o Goberno de España sexa sensible a esta realidade.

Cómpre lembrar, que a Constitución Española (artigo 14) e o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 4) consagran o principio de igualdade, establecendo que todos os españois, tamén os galegos, deben ter os mesmos dereitos e obrigacións, e consagrando o principio de non discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos que é imprescindible reafirmar o compromiso de todas as institucións públicas coa igualdade de todos os cidadáns e co exercicio do autogoberno en condicións de equidade, evitando calquera disposición lexislativa que beneficie de maneira singular a unha comunidade autónoma en detrimento das demais ou calquera pretensión de negociar o sistema de financiamento fóra do marco multilateral.

Galicia nin pode, nin debe, asistir con resignación e en silencio á substitución do Estado das Autonomías tal e como o coñecemos hoxe por un réxime de intereses ideolóxicos, partidistas e persoais. Reclamamos un trato autenticamente equitativo e un sistema de financiamento que garanta que os servizos públicos e as infraestruturas cumpran cos mesmos estándares de calidade en todas as autonomías e no conxunto do territorio.

A voz das galegas e dos galegos debe escoitarse con toda claridade, con toda contundencia e coa autoridade moral que dá a defensa dos intereses da sociedade galega. A fortaleza das institucións do noso autogoberno e a necesidade de defendelo, é a que fai do Parlamento de Galicia o foro axeitado para expresar o firme compromiso coa defensa da igualdade entre todos os cidadáns no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía que garanten a unidade e a solidariedade. Trátase en definitiva de defender a dignidade de Galicia.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España co obxecto de:

1º. Reafirmar o compromiso co principio de igualdade recollido na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, garantindo que ningunha disposición legislativa ou negociación bilateral incorpore disposicións que favorezan a unha comunidade autónoma sobre outras.

2º. Impulsar un diálogo construtivo e multilateral, no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira para abordar, entre todas as comunidades, a reforma do sistema de financiamento autonómico, buscando unha repartición equitativa e xusta dos recursos, que preserve a autonomía fiscal, a solidariedade e o equilibrio interterritorial e que garanta que todos os cidadáns accedan en condicións de igualdade aos servizos públicos con independencia do territorio no que residan.

3º. Revisar e, no seu caso, modificar calquera proxecto de lei que conteña cláusulas que poidan ser interpretadas como discriminatorias ou que atenten contra a igualdade entre todos os cidadáns, independentemente de onde residan, asegurando que todas as iniciativas legislativas respecten os principios constitucionais de unidade, igualdade e solidariedade.

4º- Fomentar a transparencia e participación de todas as comunidades autónomas nos procesos de deseño e legislativos que afecten o marco competencial autonómico, asegurando que os seus intereses se articulen de maneira equitativa e desde o máximo respecto ás súas institucións e autogoberno.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/01/2026 16:42:57
Cristina Sanz Arias na data 19/01/2026 16:43:06
Gonzalo Trenor López na data 19/01/2026 16:43:13
Manuel Santos Costa na data 19/01/2026 16:43:21
Juan Manuel Casares Gándara na data 19/01/2026 16:43:27
Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/01/2026 16:43:58
Julio García Comesaña na data 19/01/2026 16:44:07
Patricia García González na data 19/01/2026 16:44:14
Noelia Pérez López na data 19/01/2026 16:44:25
Paula Prado del Río na data 19/01/2026 16:44:33
Roberto Rodríguez Martínez na data 19/01/2026 16:44:40
Argimiro Marnotes Fernández na data 19/01/2026 16:44:59
Paula Mouzo Mas na data 19/01/2026 16:45:11
Carmen Pomar Tojo na data 19/01/2026 16:45:18
María Felisa Rodríguez Carrera na data 19/01/2026 16:45:28
Katherinie Varela Fernández na data 19/01/2026 16:45:35



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:46:40
Nº Rexistro: 46615
Data envío: 19/01/2026 16:46:40.031

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 16:46:41

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:11:49
Nº Rexistro: 44525
Data envío: 09/01/2026 10:11:49.937

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:10
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Noa Presas Bergantiños** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre os resultados, valoración e opcións de ampliación do convenio da Xunta de Galiza con FEGATAXI para o desprazamento de vítimas de violencia de xénero a determinados recursos e o orzamento público que vai destinar.

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:10
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os convenios de colaboración con distintas entidades son instrumentos regulados mediante os cales a Xunta emprega unha contía do seu orzamento público para prestar determinados servizos ou cubrir determinadas necesidades.

Desde hai anos a Xunta de Galiza vén desenvolvendo convenios con FEGATAXI para garantir o desprazamento de vítimas de violencia de xénero aos recursos de acollemento existentes, de maneira que se resolvan situacións urxentes que requiren dunha mobilidade complexa de executar. O máis recente, de 2023, prevía o seu remate no ano 2025 por unha contía de 85.000 euros e rematou o pasado 31 de decembro.

Segundo a propia información da Xunta, o protocolo vixente asociado a este convenio nace da necesidade de dispoñer dun servizo de apoio para o traslado das vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida ou organismos de atención que fan parte da mesma. Aínda que os traslados previstos neste protocolo non substituirán en ningún caso aos que se realicen dende outras administración públicas con competencias na materia, nin aos traslados que deban realizarse con acompañamento das forzas e corpos de seguridade, son sen dúbida unha ferramenta importante nun país cunha enorme dispersión

Asinado o día 09/01/2026 ás 10:09
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

territorial, con desigualdade de recursos ao longo do territorio e ante casuísticas ante as que pode ser recomendable desprazar a ou as vítimas a outras localidades.

A previsión do goberno galego era que durante este tempo se acolleran a este recurso arredor de 150 casos. Rematado este período de vixencia cómpre facer avaliación do mesmo e estudar non só a prórroga senón as posibilidades de ampliación.

Distintos recursos e organismos de loita contra a violencia machista, singularmente CIM do rural, teñen alertado a este Grupo Parlamentario sobre as dificultades que as mulleres e as vítimas poden ter para se desprazaren aos recursos. Asemade, a existencia de novos recursos coma os centros de crise abren tamén a porta a cuestionármonos se é o momento de abrir este recurso a casos que poidan requirir dun desprazamento a estes centros.

Aínda que o protocolo actual contempla que “Excepcionalmente, poderán ser usuarias deste servizo aquelas outras persoas dependentes das mulleres vítimas de violencia de xénero, previa solicitude motivada e con aprobación expresa por parte do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de violencia de xénero “ o habitual é que este recurso se use en situacións que requiren do recurso de acollemento, mais é o momento de avaliar se está a existir esa excepcionalidade, que tipo de solicitudes extraordinarias está a haber ou non e a idoneidade de formular unha ampliación do servizo. Máis aínda, cómpre avaliar se esta posibilidade de excepcionalidade é coñecida por todos os axentes e servizos ou se a falta de coñecemento repercute en que non se empregue ou solicite o uso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Presentar no primeiro trimestre de 2026 un informe de avaliación dos resultados deste recurso con datos cuantitativos.

2. Ampliar, en colaboración coas entidades colaboradoras e prestadoras da atención ás vítimas de violencia, os servizos para os que poden solicitar este recurso, de maneira especial no que atinxe aos desprazamentos para atencións específicas aos CIMs ou aos centros de crise, como poden ser as psicolóxicas ou legais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2026 10:09:57

Paulo Ríos Santomé na data 09/01/2026 10:10:06

Rosana Pérez Fernández na data 09/01/2026 10:10:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:11:49
Nº Rexistro: 44525
Data envío: 09/01/2026 10:11:49.937

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 10:11:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:11:49
Nº Rexistro: 44525
Data envío: 09/01/2026 10:11:49.937

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:40:00
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 09/01/2026 10:40:00,373

Asinado o día 09/01/26
10:22
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Illa de Arousa manifestou publicamente a súa intención de adquirir, cando saia a subasta a través do Plan Nacional sobre Drogas, a vivenda incautada ao narcotraficante Marcial Dorado, condenado por delitos de narcotráfico e branqueo de capitais, co obxectivo de destinala a equipamentos sociais de interese público, nomeadamente unha residencia de persoas maiores e un espazo para a mocidade.

Cómpre sinalar que o propio Concello xa adquiriu anteriormente outras parcelas embargadas ao mesmo narcotraficante, que hoxe están destinadas a vivenda pública e a espazos verdes, nun exercicio de recuperación para o común de bens procedentes do crime organizado.

Porén, esta iniciativa municipal atopou a oposición do Partido Popular da Illa de Arousa, que cualificou a posible compra da vivenda como innecesaria e improcedente, xerando un debate político que require un pronunciamento claro da Xunta de Galicia, tanto polo seu papel institucional como polas súas competencias.

Debe terse en conta que a construción, planificación e xestión de prazas públicas de residencia para persoas maiores é competencia da Comunidade

Asinado o día 09/01/2026 ás
10:22
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás
10:22
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

161683

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:40:00
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 09/01/2026 10:40:00,373

Autónoma, e que na actualidade non existe ningunha praza pública residencial en toda a comarca do Salnés, malia tratarse dunha das zonas con maior envellecemento da poboación.

Neste contexto, resulta imprescindible coñecer se a Xunta de Galicia está disposta a colaborar institucional e economicamente nun proxecto que permitiría transformar un símbolo do narcotráfico nun recurso social ao servizo da cidadanía, ou se, pola contra, mantén a postura expresada polo PP local, desentendéndose dunha necesidade social evidente.

Desde unha perspectiva de xustiza social, memoria e loita contra as consecuencias do narcotráfico, a reutilización con fins sociais de bens incautados ao crime organizado constitúe unha oportunidade que non debe ser desaproveitada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar de maneira expresa e pública a súa posición respecto da posible adquisición, por parte do Concello da Illa de Arousa, da vivenda incautada a Marcial Dorado, aclarando se comparte ou non a oposición expresada polo Partido Popular local a esta iniciativa.
2. Recoñecer o interese público e social da transformación de bens incautados ao narcotráfico en equipamentos ao servizo da cidadanía, como instrumento de reparación social e de fortalecemento das políticas públicas.
3. Colaborar institucional e economicamente co Concello da Illa de Arousa na adquisición e posta en uso social do inmovible, tendo en conta que a

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161684

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:40:00
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 09/01/2026 10:40:00.373

creación de prazas públicas residenciais para persoas maiores é competencia da Xunta de Galicia.

4. Impulsar, no marco desta colaboración, a creación dunha residencia pública de persoas maiores na comarca do Salnés, atendendo á inexistencia actual de prazas públicas residenciais nesta comarca e ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161685

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2026 10:22:38

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 10:22:44

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 10:22:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2026 10:22:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:40:00
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 09/01/2026 10:40:00.373

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 10:40:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:40:00
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 09/01/2026 10:40:00,373

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:44
Nº Rexistro: 44538
Data envío: 09/01/2026 10:41:44.409

Asinado o día 09/01/26
10:29
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Paloma Castro Rey**, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praia da Pescadoira, no concello de Bueu, constitúe un espazo litoral de grande valor social, ambiental e urbano, sendo unha das principais praias de uso cidadán da vila e un elemento clave da súa fachada marítima.

Desde finais da década dos noventa, tras a ampliación do espigón do porto de Bueu, a praia vén sufrindo un proceso continuado de perda de area, estreitamento do areal e deterioro da súa funcionalidade, especialmente nos períodos de marea alta. Esta situación foi obxecto de numerosos informes técnicos, así como de reiteradas advertencias por parte de colectivos veciñais e ecoloxistas.

Cómpre salientar que, desde o ano 2013, se vén reclamando de maneira sostida a rexeneración da praia, a través de escritos formais ás administracións competentes e de accións reivindicativas públicas anuais, sen que a día de hoxe se teña materializado unha solución definitiva.

A pesar de que ao longo destes anos se anunciaron diferentes proxectos e actuacións parciais, ningunha delas deu resposta integral ao problema estrutural da Pescadoira, o que evidencia unha falta de planificación, coordinación institucional e vontade executiva.

Asinado o día 09/01/2026 ás
10:29
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/01/2026 ás
10:29
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

161688

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:44
Nº Rexistro: 44538
Data envío: 09/01/2026 10:41:44.409

A recente asunción por parte da Xunta de Galicia das competencias en materia de ordenación e xestión do litoral elimina calquera ambigüidade competencial e obriga ao Goberno galego a asumir un papel activo, transparente e decidido na recuperación deste espazo público.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a defensa do litoral como ben común, o dereito da cidadanía ao acceso a praias urbanas de calidade e a protección ambiental fronte a intervencións portuarias desequilibradas deben ser principios reitores da acción pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a :

1. Realizar e facer públicos estudos técnicos e ambientais actualizados, que analicen as causas reais da erosión da praia, incluíndo o impacto das infraestruturas portuarias existentes, e que avalíen as diferentes alternativas de intervención desde criterios de sustentabilidade ambiental e eficacia a medio e longo prazo.
2. Posteriormente, avaliar e impulsar, en colaboración co Concello de Bueu, unha solución integral e ambientalmente sostible para a rexeneración da praia da Pescadoira, incluíndo a análise das actuacións estruturais necesarias sobre o espigón da dársena portuaria, co obxectivo de restablecer a dinámica natural de transporte de sedimentos e evitar impactos negativos sobre o ecosistema litoral ou a transferencia do problema a outras zonas da costa

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

161689

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2026 10:29:02

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 10:29:08

Carlos López Font na data 09/01/2026 10:29:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2026 10:29:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:44
Nº Rexistro: 44538
Data envío: 09/01/2026 10:41:44.409

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 10:41:44
Nº Rexistro: 44538
Data envío: 09/01/2026 10:41:44.409

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 10:41:45

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:14:30
Nº Rexistro: 44547
Data envío: 09/01/2026 12:14:30.558

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:08
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono escolar segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:08
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:07
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

161692

@PSdeG



de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

1. Presentar no prazo máximo dun mes un informe detallado sobre a falta de execución anual dos fondos destinados ao programa de prevención do abandono escolar no período 2015–2020 que recolla, cando menos, o seguinte:
 - a) As actuacións previstas e finalmente non executadas.
 - b) As razóns que motivaron a falta de execución dos 42,4 millóns de euros sinalados polo Consello de Contas.
 - c) O impacto desta falta de execución sobre o alumnado e sobre as taxas de abandono escolar.
2. Poñer en marcha de maneira inmediata un plan extraordinario de prevención do abandono escolar.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:07:57

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:08:03

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:08:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2026 12:08:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:14:30
Nº Rexistro: 44547
Data envío: 09/01/2026 12:14:30.558

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 12:14:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:14:30
Nº Rexistro: 44547
Data envío: 09/01/2026 12:14:30.558

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:15:14
Nº Rexistro: 44549
Data envío: 09/01/2026 12:15:14.838

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:08
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas vén de advertir, no seu informe operativo sobre o programa orzamentario de prevención do abandono escolar temperán, que a Xunta de Galicia deixou sen executar 42,4 millóns de euros dos fondos destinados a esta finalidade no período 2015–2020. Segundo este órgano fiscalizador, o Goberno galego só executou 86,9 millóns de euros dun total de 129,3 millóns consignados inicialmente.

Esta baixísima execución é especialmente grave nun ámbito tan sensible como a prevención do abandono escolar, unha das prioridades estratéxicas fixadas pola UE para esta década. O abandono escolar segue a ser un dos principais factores de desigualdade e exclusión social, e afecta con maior intensidade ao alumnado en contextos socioeconómicos desfavorecidos. O propio Consello de Contas lembra que a segregación escolar, o absentismo, a repetición e o baixo rendemento académico están directamente relacionados co risco de abandono escolar, como tamén o nivel educativo e socioeconómico das familias.

A falta de execución revela desleixo político, ausencia de planificación e unha clara falla de prioridades por parte do Goberno galego. Galicia non pode permitirse perder máis de 42 millóns destinados a garantir a igualdade de oportunidades. Eses recursos eran imprescindibles para reforzar departamentos

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:08
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás 12:08
Por Aitor Bouza Manso





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2026 12:15:14
Nº Rexistro: 44549
Data envío: 09/01/2026 12:15:14.838

de orientación, mellorar programas de inclusión, combater o absentismo e reducir a fenda socioeconómica no sistema educativo.

A protección do alumnado e o fortalecemento da educación pública deben ser principios irrenunciáveis de calquera goberno. Por iso, e dado o carácter reiterado dos incumprimentos da Xunta en materia orzamentaria, é imprescindible esixir responsabilidades e garantir que a educación pública conte cunha planificación rigorosa e cunha execución real dos fondos asignados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a execución íntegra e efectiva dos fondos asignados a programas de prevención do abandono escolar, inclusión educativa, éxito escolar e igualdade de oportunidades.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

161697

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/01/2026 12:08:25

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 12:08:31

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 12:08:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2026 12:08:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
3. Garantir a independencia e obxectividade dos informes técnicos utilizados na tramitación de proxectos mineiros, evitando calquera conflito de intereses e reforzando os mecanismos de control e supervisión pública.
4. Reforzar o control ambiental efectivo das actividades extractivas, asegurando o cumprimento estrito da normativa vixente e establecendo garantías financeiras suficientes para a restauración dos espazos afectados.
5. Establecer mecanismos obrigatorios de retorno territorial, que aseguren beneficios reais para as comarcas afectadas en termos de emprego local, investimentos, infraestruturas e desenvolvemento económico sostible.
6. Garantir a participación real da cidadanía e das entidades locais nos procedementos de planificación e autorización de proxectos mineiros.
7. Abandonar a política de improvisación e opacidade, e substituír o actual modelo mineiro do PP por un modelo baseado na planificación, na transparencia e no interese xeral.

Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro do 2016

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

161793

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/01/2026 13:48:38

Lara Méndez López na data 12/01/2026 13:48:44

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/01/2026 13:48:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:50:42
Nº Rexistro: 44887
Data envío: 12/01/2026 13:50:42.520

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 13:50:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 13:50:42
Nº Rexistro: 44887
Data envío: 12/01/2026 13:50:42.520

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:15:26
Nº Rexistro: 45003
Data envío: 13/01/2026 10:15:26.808

Asinado o día 13/01/26
10:11
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e da deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso, Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a calidade da auga do río Eume augas abaixo do encoro da Capela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O peche da Central Térmica de carbón de Endesa Generación SA en As Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da propietaria de facer uso do procedemento simplificado -o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado-, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun procedemento ordinario -a única central de todo o Estado, o que evidencia a súa singularidade-, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022, da Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas en agosto de 2023 pola que autorizaba a Endesa Generación SA ao peche, coa concesión da licenza municipal para o desmantelamento en xullo de 2024, e co inicio do mesmo en xaneiro de 2025.

Débese subliñar, como fixo o Concello das Pontes nas súas alegacións no procedemento simplificado da avaliación ambiental do desmantelamento, “a vertedura de máis de corenta millóns de metros cúbicos de augas industriais sen depurar realizado no río Eume durante máis de 10 anos, desde 1977 ata 1990 que se pon en marcha a Planta de Tratamento de Efluentes Líquidos”, xunto con outras situacións, tamén responsabilidade da empresa, contempladas nas meritadas alegacións, como “o esvaramento de terras no

Asinado o día 13/01/2026 ás
10:10
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 13/01/2026 ás
10:09
Por José Manuel Golpe Acuña



vertedoiro restaurado de cinzas e escoira da Mourela, nos Airíos -no ano 2014-, que chegou a afectar ao río Eume” e que resultou “no expediente DH.W15.44593 tramitado por Augas de Galiza en relación coa autorización a Endesa das obras relacionadas”. Con todo, a DIA do MITECO non fai referencia algunha á recuperación do río Eume, como tampouco o fai o chamado “Acordo Tripartito” -a diferenza doutras zonas-, desprezando a realidade que foi posible comprobar en 2020 con ocasión das obras de Endesa no encoro do Eume, cunha baixada de nivel desproporcionada, irresponsable e ilegal, que deixou á vista a acumulación e mobilización de sedimentos no río, obrigando á Xunta a declarar a situación de emerxencia sobre a situación de turbidez do Eume e do abastecemento de auga ao concello de Pontedeume, e á apertura dun expediente sancionador a Endesa.

Pola súa banda, no proceso de peche do complexo mineiro-eléctrico de Endesa nas Pontes, a Xunta chegou a asinar un Pacto Ambiental no 2005 -sen a información e participación do Concello-, que no 2012 tivo engádegas e prórroga até o 31/12/2020. Nos dous textos, como evidencia da súa responsabilidade, a empresa contemplaba actuacións relacionadas co Eume, mais non as necesarias e obrigadas, e non co obxectivo de “restaurar” senón co de acordar coa Xunta a súa “maior colaboración posible”, sobre de todo nos trámites administrativos, como o da concesión de captación de auga do Eume para o enchido do oco da mina e conversión no lago -iso si, coa consideración de “actuación de restauración medioambiental” e, polo tanto, sen aplicación de “taxa, canon ou tributo de ningunha clase”-, as modificacións dos plans de vixilancia, a concertación de caudais ecolóxicos, posibles aproveitamentos enerxéticos, regulación do caudal Eume, mesmo o inicio dun Plen Territorial Integrado (PTI) da Bacía Hidrográfica do Eume. Os compromisos orzamentarios de Endesa de relación directa co Eume eran de 200.000 euros no período 2005-2012 para un “proxecto de investigación de seguimento do estado ecolóxico” -só- das súas augas, e 300.000 euros para “información, estudos ou medios para a elaboración do PTI -que incluía a súa “tramitación administrativa e ambiental ata a aprobación definitiva”-.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En resumo, na actualidade, cun desmantelamento da Central Térmica iniciado como único contributo real, menor, e concreto de Endesa ao chamado proceso de transición xusta, aportación que non é quen de dar resposta ás súas responsabilidades e débedas, o BNG demanda, máis unha outra vez, un remate ordenado e programado da súa actividade mineiro-eléctrica, que contemple, entre outras accións, un plan de recuperación do río Eume, urxente e prioritario.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Iniciar, previos os trámites necesarios, o desenvolvemento de medidas para a resolución da problemática asociada á acumulación e mobilización de sedimentos no río Eume, entre as que estarían:

A) Caracterización integral dos sedimentos e materiais depositados que posibilite distinguir entre sedimentos compatibles coa dinámica fluvial natural e sedimentos alóctonos, asociados á explotación histórica do encoro e a actividades industriais previas, mediante a execución dunha campaña exhaustiva de caracterización física, química e ambiental dos sedimentos acumulados tanto no leito do río como no fondo do encoro, incluíndo análise granulométrica e mineralóxica; determinación de contido en materia orgánica; análises químicas orientadas á detección de metais e metaloides potencialmente tóxicos, así como outros contaminantes de interese ambiental; avaliación do potencial de lixiviación e mobilización de contaminantes en condicións de exposición ao aire, á chuvia e a variacións hidráulicas.

B) Retirada definitiva dos sedimentos depositados na banda de oscilación do encoro: executar os estudos técnicos necesarios e avaliar a licitación das



actuacións de retirada definitiva dos sedimentos alóctonos depositados no tramo de cauce que, de maneira periódica (anual), se atopa sometido a procesos de inundación e posterior exposición ao aire e á chuvia como consecuencia da explotación hidroeléctrica do encoro. As actuacións deberán incluír: delimitación precisa das áreas afectadas e estimación volumétrica dos materiais; definición das técnicas de retirada máis axeitadas (traballo en seco, retirada mecanizada por fases, medidas de control de escorrentías e de turbidez); restauración morfolóxica do leito e das marxes afectadas tras a retirada; estudo do destino final dos materiais, priorizando a súa valorización ambiental ou material cando sexa viable, ou a súa xestión como residuo en instalacións autorizadas cando proceda.

C) Avaliación e retirada dos sedimentos acumulados no tramo permanentemente inundado do encoro: executar estudos específicos orientados a avaliar as necesidades técnicas, ambientais e económicas para a retirada definitiva, total ou selectiva, dos sedimentos alóctonos depositados no fondo do encoro, permanentemente cubertos pola lámina de auga. Os estudos deberán contemplar: campañas batimétricas e de caracterización estratificada; avaliación do comportamento dos sedimentos fronte a manobras de explotación e eventos hidrolóxicos extremos; análise comparada de alternativas técnicas de dragado e retirada, minimizando a resuspensión de finos e os impactos augas abaixo; definición dun plan de xestión ou valorización dos materiais extraídos.

D) Avaliación do funcionamento dos desaugadoiros de fondo e da súa afección ambiental: avaliar o impacto potencial da posta en servizo dos desaugadoiros de fondo do encoro, tanto desde o punto de vista hidráulico como ambiental, mediante: estudos previos de mobilización de sedimentos e xeración de turbidez; identificación de riscos para os ecosistemas augas abaixo e para os usos da auga.

E) Implantación dun plan de seguimento ambiental e morfodinámico, de seguimento continuo do tramo comprendido entre o encoro e a central co



obxectivo de: avaliar a evolución morfolóxica do leito e das marxes; controlar a turbidez, sólidos en suspensión e calidade das augas; analizar a evolución dos hábitats acuáticos. Os seus resultados deberán servir de base para a toma de decisións adaptativas.

F) Definición e aplicación de medidas de xestión adaptativa dos desaugadoiros, unha vez dispoñibles as conclusións do plan de seguimento, para establecer e aplicar regras de operación específicas dos desaugadoiros de fondo, que inclúan: determinación de caudais de vertido, adecuando o mesmo en función das épocas do ano desde o punto de vista ambiental; protocolos de manobra progresiva para minimizar picos de turbidez. O obxectivo final será contribuír a unha dinámica hidráulica e hidrolóxica o máis homologable posible á situación previa á construción do encoro, mitigando os efectos da rotura da continuidade fluvial do río Eume.

G) Medidas complementarias de prevención e restauración, como complemento ás actuacións anteriores, como o establecemento de zonas de protección e estabilización de marxes nas áreas máis sensibles á erosión, e a restauración ambiental das zonas afectadas mediante técnicas de bioenxeñaría cando resulte axeitado.

2. Esixir á empresa Endesa as compensacións económicas polos os impactos negativos sobre o río derivados da súa actividade mineiro-eléctrica e da xestión da presa e da central hidroeléctrica.

3. Demandar a participación da Deputación da Coruña e dos concellos da Comarca do Eume mediante a súa integración nunha Comisión de Seguimento e Control presidida pola Consellaría de medio Ambiente.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 13/01/2026 10:09:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2026 10:10:59

Luis Bará Torres na data 13/01/2026 10:11:12

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/01/2026 10:11:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:15:26
Nº Rexistro: 45003
Data envío: 13/01/2026 10:15:26.808

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:15:26
Nº Rexistro: 45003
Data envío: 13/01/2026 10:15:26.808

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:15:27

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o novo rebentón de tubaxes no Complexo Hospitalario de Ourense o día 12 de xaneiro de 2026 na planta de cardioloXía no edificio Cristal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 12 de xaneiro de 2026 o Complexo Hospitalario de Ourense volveu ser protagonista dunha chamativa avaría de tubaxes de auga, a segunda en menos dun ano, desta volta na planta de cardioloXía. Afortunadamente este incidente saldouse sen danos persoais mais, outra volta, pon negro sobre branco o estado unhas instalacións precarias e inzadas de problemas que deben ser auditadas e sobre as que debe haber absoluta transparencia.

Sen ir máis lonxe, cómpre recordar que en abril de 2025 tiña lugar un novo rebentón de tubaxes de auga na zona de atención ás e aos pacientes e saída cara urxencias do edificio Cristal, que é un continuum ao Materno, no que 11 días antes se derrubaba parte do teito por terceira vez en ano e medio e que a día de hoxe, por fin, a Xunta asumiu a necesidade de derrubar.

Esta situación dá conta da falta de medidas de prevención e mantemento que arrastra o Complexo Hospitalario e pon de relevo a pouca confianza política e de xestión que está a dar a Xerencia da Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras e da Consellaría de Sanidade.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ante esta nova situación deben ser esclarecidas as causas, as medidas a tomar, as afeccións e as medidas que se van impulsar para que non volva acontecer, entre as que debe estar unha auditoría independente das instalacións

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar unha auditoría independente no Edificio Cristal para avaliar a seguridade das súas instalacións e as medidas oportunas para previr novos incidentes.

2. Remitir á Cámara Galega e á Xunta de Persoal a totalidade de informes referidos á seguridade industrial e laboral de todos os edificios que compoñen o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense así como todas as actas de inspección e de incidentes dos últimos 10 anos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2026 10:15:33

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2026 10:15:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2026 10:15:55

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2026 10:16:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:17:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:17:43
Nº Rexistro: 45005
Data envío: 13/01/2026 10:17:43,272

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:25:12
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 13/01/2026 10:25:12.172

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:21
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

As confrarías de pescadores constitúen entidades de dereito público de base asociativa, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que desempeñan funcións esenciais de representación, colaboración e participación na ordenación e xestión do sector pesqueiro en Galicia, de conformidade co establecido na Lei 6/1993, do 11 de maio, de confrarías de pescadores de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 o compromiso dos poderes públicos galegos coa promoción das condicións necesarias para que a igualdade da persoa e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva, así como coa remoción dos obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude. Este mandato resulta plenamente aplicable ás estruturas de gobernanza do sector pesqueiro, incluídas as confrarías e as súas federacións.

Porén, malia a elevada presenza de mulleres en actividades fundamentais do sector como o marisqueo, a acuicultura, a transformación ou a comercialización, a súa representación nos órganos de goberno das confrarías continúa sendo claramente insuficiente. Esta realidade contradí os principios e obrigas recollidos na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, así como os compromisos asumidos en materia de igualdade por parte das institucións públicas galegas.

Ante a proximidade das eleccións ás confrarías de pescadores previstas para o ano 2026, resulta imprescindible impulsar medidas específicas que permitan

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:21
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:21
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161808

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:25:12
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 13/01/2026 10:25:12.172

mellorar a participación das mulleres como candidatas, remover os obstáculos estruturais existentes e avanzar cara a unha gobernanza máis democrática, xusta e inclusiva.

As socialistas sabemos que estamos a falar dun problema complexo e de carácter estrutural que require unha abordaxe integral, con medidas a curto, medio e longo prazo, que complemente a necesaria reforma da actual Lei de confrarías con accións concretas de acompañamento, formación, sensibilización e avaliación, por iso o Goberno galego non pode quedar de brazos cruzados.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e poñer en marcha, con carácter inmediato, un plan específico para fomentar a participación das mulleres como candidatas nos procesos electorais das confrarías previos ás eleccións de 2026. Este plan deberá estar deseñado a medida, adaptado á realidade social e económica das mulleres do sector, e incluír apoio técnico para a xestión e tramitación das candidaturas durante todo o proceso electoral, tendo especialmente en conta o peso das dinámicas informais que condicionan o acceso aos espazos de poder.
2. Modificar a normativa electoral das confrarías para establecer listas electorais pechadas e compostas de forma alterna (listas cremalleira), que garantan a paridade entre mulleres e homes nas candidaturas, así como impulsar recomendacións que favorezan unha composición equilibrada dos órganos directivos.
3. Establecer cotas de xénero nos órganos de dirección das federacións provinciais e da federación autonómica, garantindo o equilibrio entre mulleres e homes, incluídas as presidencias destas entidades.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161809

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:25:12
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 13/01/2026 10:25:12.172

4. Desenvolver programas específicos de formación dirixidos ás mulleres do sector pesqueiro, orientados a preparalas para o exercicio de cargos representativos, que inclúan tamén apoio para a xestión e tramitación das candidaturas.

5. Promover campañas de sensibilización contra os estereotipos de xénero existentes nas confrarías, así como establecer cursos de igualdade de carácter obrigatorio para todas as persoas candidatas aos órganos de goberno.

6. Implantar medidas que faciliten a corresponsabilidade e a conciliación, tendo en conta que historicamente o peso dos coidados e do traballo reprodutivo recaeu maioritariamente sobre as mulleres e que, no sector pesqueiro galego, esta situación se ve agravada por condicións laborais e sociais específicas.

7. Promover campañas públicas que visibilicen e recoñezan o valor económico, social e cultural do traballo desenvolvido polas mulleres do sector pesqueiro, contribuíndo á súa dignificación e recoñecemento social.

8. Colaborar activamente coas asociacións de mulleres do mar no deseño, implementación e avaliación de todas estas medidas, garantindo a súa participación efectiva nos procesos de toma de decisións.

8. Impulsar o cambio da denominación de “Confrarías de Pescadores” por unha denominación inclusiva, que visibilice de maneira expresa a presenza e o papel das mulleres nestas entidades.

9. Mellorar a transparencia dos procesos electorais e de funcionamento das confrarías e federacións, actualizando e publicando información desagregada por sexo, e informando de maneira clara e veraz sobre as implicacións

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

161810

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:25:12
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 13/01/2026 10:25:12.172

democráticas e representativas da ausencia de mulleres nos órganos de dirección.

10. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación do proceso e dos resultados electorais desde unha perspectiva de xénero, mediante a elaboración de informes públicos que permitan medir a eficacia das medidas adoptadas e avanzar cara á consecución dunha paridade real e efectiva

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

161811

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 10:21:44

Carlos López Font na data 13/01/2026 10:21:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2026 10:21:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:25:12
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 13/01/2026 10:25:12.172

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:25:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:25:12
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 13/01/2026 10:25:12.172

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:29:12
Nº Rexistro: 45033
Data envío: 13/01/2026 10:29:12.402

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:28
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e deputada **Iago Suárez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación de falta de profesionais no Centro de Saúde de Chantada.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:28
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Chantada, cuns 8.000 habitantes aproximadamente, conta cun centro de saúde que vén estando baixo o foco durante bastante tempo. A veciñanza denuncia a falta dunha cobertura sanitaria adecuada para un concello e unha comarca coma a de Chantada e que o goberno da Xunta de Galiza tome as medidas necesarias ante a deficiente calidade do servizo sanitario que neste centro se ofrece.

Segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, en boa parte das xornadas só hai dous profesionais de atención primaria, algo claramente insuficiente. As ausencias das e dos profesionais médicos (debido a baixas os vacacións) cóbrense de modo alterno con persoal alleo ao centro e sen continuidade asistencial. As consecuencias disto están á vista: moitos pacientes non consigan cita e mesmo aquelas persoas que a conseguen chegan ao centro de saúde e non hai profesionais para as atender. Ademais, as profesionais que alí traballan encóntranse nunha situación de sobrecarga de traballo que impide que poidan realizar os seus labores coa necesaria atención e dedicación.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:28
Por Iago Suárez Fernández

O inicio de 2026 non prevé mellorías para este centro de saúde de vital importancia para a poboación, nin sequera despois das mobilizacións veciñais levadas a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cabo a finais de 2025 nas cales se reclamaba ao goberno galego que tomase as accións necesarias para dotar o concello de Chantada dunha atención sanitaria de calidade.

A veciñanza de Chantada e a súa comarca non pode vivir na incerteza constante de non saber se vai poder ser atendida no seu propio centro de saúde, polo que desde o grupo Parlamentar do BNG reclamamos á Xunta de Galiza que se poña a traballar de forma seria e que dote o centro de Saúde de Chantada das e dos profesionais necesarios á maior celeridade posíbel e que garanta, como é o seu deber, unha sanidade pública, galega e de calidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Aumentar antes da fin do actual período de sesións o cadro de persoal de atención primaria no Centro de Saúde de Chantada para garantir a calidade asistencial.
2. Cubrir as ausencias de profesionais no Centro de Saúde de Chantada todas as ocasións que estas se deren.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 13/01/2026 10:28:09

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2026 10:28:16

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2026 10:28:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:29:12
Nº Rexistro: 45033
Data envío: 13/01/2026 10:29:12.402

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:29:12
Nº Rexistro: 45033
Data envío: 13/01/2026 10:29:12.402

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:29:13

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:34:12
Nº Rexistro: 45048
Data envío: 13/01/2026 10:34:12.061

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:31
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

Galicia é a segunda comunidade autónoma do Estado na que as persoas contribuíntes obteñen un maior número de resolucións favorables en litixios tributarios, situándose unicamente por detrás de Cantabria. Este dato, por si só, xa resulta preocupante, na medida en que evidencia un funcionamento deficiente da administración tributaria no ámbito autonómico.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:30
Por Patricia Iglesias Rey

Durante o ano 2024, último do que se dispoñen datos oficiais, as galegas e os galegos presentaron un total de 14.959 reclamacións económico-administrativas. É certo que esta cifra é inferior á rexistrada no ano 2023, cando se contabilizaron 19.407 reclamacións, pero non é menos certo que esta tendencia á baixa tamén se produce no conxunto do Estado, aínda que cunha diminución porcentual menor.

É certo que non todos os impostos están cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia e que o imposto que concentra un maior número de reclamacións é o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Porén, non deixa de ser significativo que dous impostos plenamente cedidos, como son o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e o Imposto sobre Sucesións e Doazóns, ocupen o terceiro e o cuarto posto, respectivamente, en número de reclamacións.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:30
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161818

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:34:12
Nº Rexistro: 45048
Data envío: 13/01/2026 10:34:12.061

É precisamente neste ámbito onde resulta imprescindible poñer o foco, así como no conxunto doutros impostos cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia, mesmo aqueles que presentan un menor volume de reclamacións ou un menor número de litixios resoltos favorablemente para as persoas contribuíntes.

Este elevado grao de estimación das reclamacións pon de manifesto a existencia de deficiencias na xestión, interpretación ou aplicación da normativa tributaria por parte da administración autonómica, xerando inseguridade xurídica, custos innecesarios para a cidadanía e unha perda de confianza no sistema fiscal. Por todo iso, resulta imprescindible adoptar medidas que permitan identificar os erros existentes e corrixilos de maneira efectiva.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar no prazo de 6 meses, unha análise exhaustiva das reclamacións económico-administrativas presentadas en relación cos impostos cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia, prestando especial atención ao Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns.
2. Identificar as causas concretas polas que unha porcentaxe tan elevada de reclamacións resultan estimadas polo Tribunal Económico-Administrativo, especialmente aquelas relacionadas con erros de interpretación normativa, deficiencias procedementais ou prácticas administrativas reiteradas, para que sirva de base para a adopción de medidas posteriores.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:34:12
Nº Rexistro: 45048
Data envío: 13/01/2026 10:34:12.061

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161820

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2026 10:30:38

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2026 10:30:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2026 10:31:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:34:12
Nº Rexistro: 45048
Data envío: 13/01/2026 10:34:12.061

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:34:12
Nº Rexistro: 45048
Data envío: 13/01/2026 10:34:12.061

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:34:12

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:43:50
Nº Rexistro: 45086
Data envío: 13/01/2026 10:43:50.706

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:41
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

O último Consello da Xunta do ano aprobou os ceses, dos máximos responsables da política forestal de Galicia, incluíndo as direccións xerais de Defensa do Monte e de Planificación e Ordenación Forestal, así como da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural. Estes ceses prodúcense tras a peor campaña de incendios forestais rexistrada en Galicia, tanto pola superficie queimada como pola intensidade e simultaneidade dos lumes.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:41
Por Lara Méndez López

Para o Grupo Parlamentario Socialista, estes ceses confirman unha situación que se leva meses denunciando: o desastre da xestión da Consellería do Medio Rural, marcada pola falta de planificación, o desorde e a improvisación permanente. Unha situación da que existe unha responsabilidade política directa da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que avalou esta deriva sen asumir responsabilidades.

A coincidencia temporal entre esta vaga de incendios sen precedentes e a saída en bloque da cúpula responsable da xestión forestal non pode ser presentada como un feito administrativo ordinario nin desvinculado do contexto no que se produce. Pola contra, todo apunta á existencia dunha crise profunda no modelo forestal impulsado pola Xunta de Galicia, que non foi capaz de anticiparse nin responder adecuadamente a un escenario marcado polos incendios de quinta e sexta xeración.

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:40
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161823

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:43:50
Nº Rexistro: 45086
Data envío: 13/01/2026 10:43:50.706

Os responsables agora cesados foran designados para avanzar cara a un cambio de enfoque na política forestal, baseado na prevención estrutural, na planificación a medio e longo prazo e na ordenación do territorio como ferramenta esencial para reducir o risco de incendios.

Porén, a lei de incendios continúa dous anos despois sen iniciar a súa tramitación parlamentaria, mentres que a moratoria do eucalipto se flexibiliza a partir do 1 de xaneiro.

A esta situación engádese un feito especialmente grave, en relación o Pladiga, que debería estar aprobado e en vigor antes do 31 de outubro, tal e como establece a normativa, e que constitúe un instrumento básico para a planificación, prevención e coordinación da loita contra os incendios forestais. Galicia afrontou así un dos veráns máis devastadores da súa historia recente sen contar cun plan operativo plenamente vixente.

Segundo os datos do sistema europeo *Copernicus*, arderían en Galicia arredor de 171.000 hectáreas durante a última campaña, unha cifra que evidencia o fracaso das políticas de prevención e de xestión forestal desenvolvidas pola Xunta, así como a incapacidade para aprender das advertencias reiteradas realizadas desde distintos ámbitos técnicos, sociais e políticos.

Neste contexto, os ceses producidos non poden interpretarse como unha resposta suficiente nin como unha corrección real do rumbo seguido, especialmente cando non veñen acompañados de explicacións públicas, dunha avaliación rigorosa da política forestal. Galicia non pode permitirse seguir reaccionando cando o dano xa está feito.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia dea explicacións claras ante o Parlamento sobre o modelo forestal vixente, o papel desempeñado pola Consellería do Medio Rural e as decisións adoptadas tras a

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161824

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:43:50
Nº Rexistro: 45086
Data envío: 13/01/2026 10:43:50.706

peor vaga de incendios da nosa historia, por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Comparecer de forma urxente na Comisión de Agricultura, Gandería e Montes, a través da conselleira do Medio Rural, para explicar os ceses producidos, a avaliación da campaña de incendios forestais de 2025 e o rumbo actual da política forestal galega.
2. Presentar ante o Parlamento un informe completo de avaliación da campaña de incendios forestais, que inclúa a análise das políticas de prevención, da planificación forestal e da adaptación do sistema aos incendios de quinta e sexta xeración.
3. Revisar en profundidade a política forestal da Xunta de Galicia, con criterios de transparencia e participación, analizando o fracaso do modelo forestal e a falta de resposta eficaz ante a maior crise de incendios da historia de Galicia, para iso presentarse no Parlamento de Galicia un informe completo no prazo de un mes.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

161825

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2026 10:40:55

Lara Méndez López na data 13/01/2026 10:41:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2026 10:41:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:43:50
Nº Rexistro: 45086
Data envío: 13/01/2026 10:43:50.706

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:43:50
Nº Rexistro: 45086
Data envío: 13/01/2026 10:43:50.706

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:43:51

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:13
Nº Rexistro: 45107
Data envío: 13/01/2026 10:55:13.186

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:51
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

En abril de 2024, o Grupo Parlamentario Socialista xa rexistrou diversas iniciativas parlamentarias advertindo de que a denominada reforma do estadio do Couto en Ourense non respondía nin ao investimento anunciado nin ás necesidades reais da instalación, e que deixaba sen resolver graves deficiencias estruturais, funcionais e de seguridade.

Naquel momento sinalabamos que a actuación executada pola Xunta de Galicia estaba lonxe de ser unha reforma integral, limitándose a intervencións parciais en relación coas expectativas xeradas, mantendo unhas bancadas obsoletas, problemas de filtracións, deficiencias en materia de seguridade e unhas condicións impropias dunha infraestrutura deportiva dunha cidade como Ourense.

Lonxe de corrixirse esas carencias, o paso do tempo e o uso do estadio viñeron confirmar as advertencias realizadas, engadíndose agora un novo problema de especial gravidade: o lamentable estado do céspede, poucos meses despois da súa reposición e tras un investimento público moi elevado.

O terreo de xogo, que se presentara como un dos elementos estrela da reforma, atópase nun estado que compromete a práctica deportiva e a seguridade das xogadoras e dos xogadores, con zonas visiblemente deterioradas, irregularidades e un desgaste absolutamente prematuro. Esta situación non se pode considerar nin normal nin aceptable nunha actuación

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:51
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:51
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161828

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:13
Nº Rexistro: 45107
Data envío: 13/01/2026 10:55:13.186

recentemente executada, e apunta a fallos graves no proxecto, na execución da obra ou no control posterior por parte da Xunta de Galicia.

Este deterioro do céspede súmase ao mal estado xeral das bancadas, ás filtracións de auga, á falta de actuacións estruturais, á ausencia dunha reforma real das condicións de uso para o público e á imaxe claramente deficiente que segue ofrecendo o estadio do Couto cada vez que acolle un encontro deportivo.

Estamos, polo tanto, ante un fracaso evidente da actuación impulsada pola Xunta, que non solucionou os problemas históricos do estadio, por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir que o estadio do Couto conte cunhas instalacións dignas, seguras e acordes á importancia de Ourense como terceira cidade de Galicia, corrixindo as graves deficiencias actuais derivadas dunha reforma incompleta e insuficiente, acometendo a reforma integral necesaria que inclúa:

- a) Actuar de maneira inmediata para emendar o deficiente estado do céspede do estadio do Couto, garantindo condicións axeitadas e seguras para a práctica deportiva.
- b) Planificar e executar unha reforma integral real das bancadas, abordando as deficiencias estruturais, de seguridade, accesibilidade e confort do público, que levan anos sen ser atendidas.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161829

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2026 10:51:21

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 10:51:29

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2026 10:51:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2026 10:51:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:13
Nº Rexistro: 45107
Data envío: 13/01/2026 10:55:13.186

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:13
Nº Rexistro: 45107
Data envío: 13/01/2026 10:55:13.186

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:55:14

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45235
Data envío: 13/01/2026 14:20:42,958

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:18
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses, a comunidade educativa do CEIP Canosa-Rus, no concello de Coristanco, vén manifestando a súa preocupación polo estado da auga de consumo no centro, tras a instalación dun novo pozo, advertindo de posibles problemas de salubridade e seguridade que afectan directamente ao alumnado e ao persoal docente.

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:18
Por Aitor Bouza Manso

Ante estes feitos, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, exercendo as súas funcións de control e fiscalización, solicitou formalmente o acceso ás análíticas da auga realizadas no centro educativo, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que recoñece o dereito dos deputados e deputadas a obter da Administración pública toda a información necesaria para o exercicio da súa función parlamentaria.

Porén, dita solicitude non foi atendida, non facilitándose os informes nin a documentación requirida, malia terse presentado por rexistro e reiterado en tempo e forma. Esta negativa supón non só unha falta de transparencia, senón unha obstrución directa á labor de control parlamentario, impedindo coñecer con claridade se a auga que consome o alumnado do CEIP Canosa-Rus cumpre cos parámetros sanitarios esixidos pola normativa vixente.

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:18
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161832

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45235
Data envío: 13/01/2026 14:20:42.958

A esta situación súmase a denuncia pública realizada polo PSdeG-PSOE de Coristanco, que advertiu de que o goberno municipal negouse a facilitar a documentación solicitada, malia tratarse dunha cuestión que afecta á saúde pública e á protección da infancia. Tal comportamento resulta especialmente grave cando está en xogo a seguridade dun centro educativo público.

A negativa a facilitar información esencial, tanto ao Grupo Parlamentario Socialista como á comunidade educativa, mina os principios de transparencia, responsabilidade institucional e colaboración entre administracións, e supón un precedente inaceptable nun estado democrático.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facilitar de maneira inmediata ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia toda a documentación solicitada, incluíndo as analíticas da auga realizadas no CEIP Canosa-Rus, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia.
2. Garantir o pleno respecto ao dereito de acceso á información parlamentaria, evitando calquera práctica que supoña obstrución ou atraso inxustificado da labor de control e fiscalización.
3. Verificar, a través dos órganos competentes, a calidade da auga de consumo no CEIP Canosa-Rus, asegurando que cumpre estritamente cos parámetros sanitarios establecidos pola normativa vixente.
4. Adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade e salubridade da auga nos centros educativos, actuando con carácter preventivo cando existan indicios de risco.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

161833

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45235
Data envío: 13/01/2026 14:20:42.958

5. Dirixirse ao Concello de Coristanco a colaborar activamente, facilitando toda a información requirida tanto á Xunta como aos grupos parlamentarios e á comunidade educativa.

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161834

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2026 14:18:31

Aitor Bouza Manso na data 13/01/2026 14:18:37

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2026 14:18:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2026 14:18:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45235
Data envío: 13/01/2026 14:20:42.958

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:20:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45235
Data envío: 13/01/2026 14:20:42.958

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar por parte da Xunta de Galiza para o fomento do sistema de transporte público por estrada mediante a implementación da “Tarxeta 30 Toda Galiza”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, cunha crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e com

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:08
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:08
Por Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Vivimos un momento histórico caracterizado por unha suba de prezos xeneralizada sen que as rendas do traballo experimenten unha suba acorde, o cal resulta no empobrecemento das clases populares e no aumento da carestía da vida.

Esta situación repercute especialmente na mobilidade das familias, da xente moza e da clase traballadora, ante a carestía da vida ao que se engade o custe das peaxes, entre as máis caras do Estado. Neste contexto, faise necesario adoptar medidas para incentivar e facer máis accesíbel o transporte público, coa implementación dunha tarxeta plana de transporte intermodal que por un importe mensual de 30 euros permitiría a calquera persoa viaxar por todo o País vía tren, autobús, barco e taxi rural.

A implementación desta tarxeta vai na liña das medidas adoptadas por unha grande parte dos países europeos, que contan cunha tarifa plana que axude no fomento do transporte público e dunha mobilidade máis sustentábel. Para acadar isto é necesario adoptar medidas estruturais, polo que esta tarifa plana deberá estar enmarcada nun proceso de revisión e fondas mudanzas do sistema público de transporte en Galiza, onde as diferentes administracións cheguen a acordos para ter unha Galiza mellor conectada e vertebrada, e facer do transporte público un verdadeiro motor de avance social e ambiental no noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta ao Goberno Galego a implementar a *Tarxeta 30 Toda Galiza* unha tarifa plana de transporte que incentive o transporte público e unha mobilidade máis accesíbel e sustentábel.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/01/2026 10:08:48

Luis Bará Torres na data 14/01/2026 10:08:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:10:53
Nº Rexistro: 45403
Data envío: 14/01/2026 10:10:53.038

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 10:10:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:10:53
Nº Rexistro: 45403
Data envío: 14/01/2026 10:10:53.038

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as consecuencias das demoras do tempo de tramitación da RISGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de tramitación da RISGA está a ter en Galiza unha media de cinco meses. Cinco longos e solitarios meses en que a vulnerabilidade dunha persoa só pode acrecentarse do mesmo xeito que a falta de dignidade para a persoa que se ve nunha situación límite como esa.

Mais tamén é un tempo en que unha persoa necesitada fica desamparada por parte do goberno galego e tan só pode acceder á caridade que achegan algunhas entidades de beneficencia.

Con todo, esta situación de máxima vulnerabilidade aínda pode empeorar como podemos comprobar en situacións moi concretas e coñecidas polo Grupo Parlamentar do BNG. Referímonos, no concreto e como exemplo doutros casos que hai en Galiza, a un solitante da Coruña que xa superou os seis meses agardando unha resposta da Xunta á súa petición de RISGA, unha situación de auténtica desesperación coa que desde o BNG non podemos máis que nos solidarizar, ao tempo que denunciar nesta Cámara de representación do pobo.

Unha falta de resposta por parte do goberno da Xunta que aínda ten novas consecuencias para este cidadán, xa que a ausencia de resposta denegando a petición de axuda lle impide poder acceder á renda social municipal que contempla o Concello da

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:36
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:36
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Coruña, converténdose a Xunta nun problema engadido cando debería ser parte da solución.

A falta de resposta da Xunta condena a quen máis o precisa a unha situación de necesidade extrema, máxime desde que o goberno cancelou a Tarxeta Básica como recurso de emerxencia para acceder ás necesidade máis básicas e de primeira necesidade, para vivir cun mínimo de dignidade. Desde o BNG temos solicitado ao goberno do PP na Xunta a súa recuperación en innúmeras ocasións como un recurso ponte mentres non se resolven as solicitudes de axuda como a RISGA.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a axilizar a resolución da tramitación das axudas de emerxencia social como a RISGA e recuperar un recurso ponte como a Tarxeta Básica mentres non se resolven as devanditas solicitudes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2026 10:36:12

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 10:36:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:38:06
Nº Rexistro: 45410
Data envío: 14/01/2026 10:38:06.558

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:38:06
Nº Rexistro: 45410
Data envío: 14/01/2026 10:38:06.558

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 10:38:07

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

Os procedementos legais relacionados con conflitos familiares, especialmente cando hai menores implicados, adoitan ser complexos e emocionalmente dolorosos. Entre estes conflitos, o incumprimento das pensións alimentarias continúa sendo a cuestión máis xeneralizada e que implica unha maior litigiosidade, como reflicte a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia, que rexistrou 174 procedementos en 2024 na provincia da Coruña só por este motivo e que indica que na provincia de Pontevedra hai 324 procedementos abertos.

O impago das pensións alimentarias non só constitúe un incumprimento económico, senón que, cando se produce no contexto de relacións de desigualdade ou violencia, pode considerarse unha forma de violencia económica, un tipo de violencia de xénero recoñecido pola lexislación e polo Convenio de Estambul. Esta violencia implica coacción, control e limitación da autonomía económica das mulleres, repercutindo directamente no benestar dos fillos e fillas.

O impago das pensións alimentarias non só supón un incumprimento legal e económico, senón que tamén ten un impacto directo e negativo sobre a vida e o benestar dos fillos e fillas e sobre a autonomía económica das mulleres que, na maioría dos casos, son as principais responsables do coidado dos menores.

A detección e o recoñecemento da violencia económica como forma de violencia de xénero é un paso fundamental para protexer ás vítimas. Visibilizar os seus dereitos e garantir que se lles proporcionen recursos efectivos que lles permitan



manter unha vida digna, así como asegurar a atención ás necesidades básicas dos menores implicados.

Ante esta realidade, considérase necesario que a Xunta de Galicia adopte medidas preventivas, educativas e compensatorias, que inclúan campañas de sensibilización para visibilizar o impago das pensións como forma de violencia de xénero.

Tendo en conta que moitas veces a obriga de abono de estas pensións non chega a materializarse, é necesario que inclúan tamén a creación dunha prestación económica subsidiaria e específica que permita compensar ás vítimas de violencia de xénero, en situación de vulnerabilidade económica, que tamén sufran coaccións económicas derivadas do impago das pensións alimentarias.

Esta prestación debe garantir non só a cobertura das necesidades básicas, senón tamén fomentar a autonomía económica e persoal das mulleres afectadas e as súas crianzas, integrándose nun enfoque de apoio integral ás vítimas de violencia de xénero.

Ante esta situación faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas de loita contra a violencia económica coas seguintes iniciativas:

1. Promover campañas de sensibilización e información dirixidas á sociedade sobre o feito de que o impago das pensións alimentarias pode constituír unha forma de violencia económica e violencia de xénero, fomentando a denuncia e o apoio ás vítimas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:05:22
Nº Rexistro: 45441
Data envío: 14/01/2026 12:05:22.285

2. Establecer unha prestación subsidiaria específica destinada ás vítimas de violencia de xénero, en situación de vulnerabilidade económica, que sufran tamén coaccións nos que non exista a posibilidade de executar esa obriga, e con contías suficientes para garantir a atención ás necesidades básicas das persoas menores afectadas e a autonomía económica das mulleres.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

161848

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/01/2026 11:59:23

Silvia Longueira Castro na data 14/01/2026 11:59:31

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 11:59:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/01/2026 11:59:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:05:22
Nº Rexistro: 45441
Data envío: 14/01/2026 12:05:22.285

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:05:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:05:22
Nº Rexistro: 45441
Data envío: 14/01/2026 12:05:22.285

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

Os socialistas e as socialistas levamos anos denunciando que o sistema sanitario público galego atravesa unha situación de crecente deterioro que se manifesta con especial gravidade nos servizos de Atención Primaria e Urgencias hospitalarias.

As recentes informacións publicadas nos medios de comunicación e as denuncias realizadas por profesionais sanitarios e organizacións sindicais poñen de manifesto unha realidade preocupante: listas de espera prolongadas para obter cita médica, saturación das urgencias, alta ocupación hospitalaria e pacientes que chegan a agardar días por unha cama de hospitalización.

Esta situación non é un feito illado nin puntual, senón o resultado dunha falta de planificación estrutural, da insuficiencia de persoal sanitario e da ausencia de medidas eficaces por parte da Xunta de Galicia para reforzar o Sergas, malia as reiteradas advertencias dos profesionais e colectivos do sector.

A Área Sanitaria de Pontevedra, o Salnés exemplifica con claridade este colapso. A media das demoras de entre vinte días e un mes para conseguir cita en Atención Primaria están a provocar que moitos pacientes se vexan obrigados a acudir directamente aos servizos de Urgencias, mesmo para patoloxías leves ou trámites tan básicos como a renovación de receitas. Esta situación incrementa artificialmente a presión hospitalaria e evidencia o fracaso das políticas da Xunta na xestión da sanidade pública.



Resulta especialmente grave que desde a xerencia da área sanitaria se pretenda trasladar a responsabilidade á cidadanía, sinalando á mocidade pola baixa vacinación, cando é evidente que a Administración autonómica non desenvolveu campañas suficientes de información, prevención e sensibilización. Culpar aos pacientes é unha actitude inxusta e inaceptable, que ignora que a maioría dos casos que chegan ás Urgencias poderían resolverse na Atención Primaria se esta funcionase con normalidade.

Así mesmo, a decisión de non manter operativas o cen por cen das camas dispoñibles nos hospitais de Montecelo e o Salnés agrava unha situación xa crítica e contribúe a prolongar as esperas e a sobrecargar os servizos de Urgencias.

Os socialistas insistimos en que a sanidade pública galega precisa respostas inmediatas, responsabilidade política e un cambio de rumbo que sitúe ás persoas e aos profesionais no centro das decisións.

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de maneira inmediata medidas urxentes para reforzar a Atención Primaria na área sanitaria Pontevedra-Salnés, reducindo as listas de espera para a obtención de cita médica mediante o incremento de persoal, a mellora da organización asistencial e o reforzo dos recursos materiais, co obxectivo de evitar o colapso dos servizos de Urgencias.
2. Garantir o funcionamento do cen por cen das camas hospitalarias dispoñibles nos hospitais públicos, especialmente nos de Montecelo e o Salnés, asegurando





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:07:59
Nº Rexistro: 45450
Data envío: 14/01/2026 12:07:59.877

unha correcta planificación ante picos asistenciais como os derivados da gripe e doutras patoloxías respiratorias.

3. Poñer fin á estratexia de culpabilización da cidadanía pola saturación do sistema sanitario e asumir a responsabilidade política na xestión do Sergas, reforzando as campañas públicas de prevención, vacinación e educación sanitaria, en coordinación cos profesionais e colectivos do sector.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

161853

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:03:21

Elena Espinosa Mangana na data 14/01/2026 12:03:30

Silvia Longueira Castro na data 14/01/2026 12:04:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/01/2026 12:06:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:07:59
Nº Rexistro: 45450
Data envío: 14/01/2026 12:07:59.877

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:08:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:07:59
Nº Rexistro: 45450
Data envío: 14/01/2026 12:07:59.877

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:34:50
Nº Rexistro: 45461
Data envío: 14/01/2026 12:34:50.163

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:33
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza na conxunto histórico de San Salvador de Vilar de Donas no Concello de Palas de Rei.

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:33
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mosteiro de San Salvador de Vilar de Donas, Concello de Palas de Rei, é un Ben de Interese Cultural (BIC) situado a escasos quilómetros do Camiño de Santiago francés. Un templo documentado no século XII que pertenceu á Orde de Santiago. De estilo románico o conxunto histórico componse da igrexa e dunha casa reitoral que facía parte do antigo mosteiro.

Malia a relevancia patrimonial do conxunto histórico, no que se atopa un importante conxunto de pezas sepulcrais de cabaleiros da Orde de Santiago e de membros de familias nobiliarias da comarca, a Xunta de Galiza non realizou ningunha actuación desde 2010 cando se levaron a cabo traballos de restauración por valor de 159.948,42 euros.

Na actualidade o grao de deterioro da casa reitoral e da contorna da igrexa é moi notable o que urxiría acometer novas medidas de recuperación co obxectivo de consolidar o que queda do antigo mosteiro así como poñer en valor e divulgar a importante pegada histórica deste ben.

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:33
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, conxuntamente coa igrexa e co Concello de Palas de Rei, impulsar actuacións de consolidación do antigo mosteiro de San Salvador de Vilar de Donas, nomeadamente na antiga casa reitoral así como poñer en valor e divulgar a importante historia deste conxunto cuxa igrexa está declarada como Ben de Interese Cultural”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 12:33:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/01/2026 12:33:35

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2026 12:33:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:34:50
Nº Rexistro: 45461
Data envío: 14/01/2026 12:34:50.163

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:34:50
Nº Rexistro: 45461
Data envío: 14/01/2026 12:34:50.163

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:34:51

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:41:34
Nº Rexistro: 45466
Data envío: 14/01/2026 12:41:34.049

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:39
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as axudas para a adquisición de audífonos e lentes en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente en Galiza as persoas menores de 26 anos poden beneficiarse dunha axuda económica para a adquisición de audífonos a través da prestación ortoprotésica do SERGAS incluída na 'Carteira básica de servizos'. A axuda cobre até 800 euros por audífono, unha cifra que corresponde ao importe máximo establecido (sen IVE) no Catálofo Xeral de Material Ortoprotésico.

No caso das persoas maiores de 26 anos deben solicitar unha axuda de inclusión social á que só poden acceder persoas con ingresos inferiores ao 125% do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia.

Segundo o informe anual elaborado pola Xunta de Galiza a respecto das prestacións de inclusión social, o 23,80 % das AIS concedidas en 2024 foron para gastos de atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas por outros sistemas de protección social, as segundas despois daquelas dirixidas a gastos de atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico (56,97%).

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:39
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:39
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

De igual maneira, o acceso a algún tipo de axuda pública para a adquisición de lentes apenas está recoñecido para menores de 16 anos a través do Plan VEO estatal cun importe máximo de 100 euros de axuda por persoa e ano.

Desde o BNG cremos que a adquisición de audífonos ou lentes supoñen un gasto extraordinario moi importante para moitas persoas e familias polo que os programas de axudas públicas que existen actualmente son insuficientes e deberían ampliarse tanto en ideades como en rendas a aquelas que non superen o salario mínimo interprofesional.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar unha liña de axudas dirixida a facilitar o acceso a audífonos e lentes a aquelas persoas con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Inteprofesional (SMI) que superen os 26 anos no caso dos audífonos e dos 16 anos no caso dos lentes.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 12:39:07

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2026 12:39:17

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2026 12:39:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:41:34
Nº Rexistro: 45466
Data envío: 14/01/2026 12:41:34.049

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:41:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:41:34
Nº Rexistro: 45466
Data envío: 14/01/2026 12:41:34.049

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:53:06
Nº Rexistro: 45471
Data envío: 14/01/2026 12:53:06.078

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:52
Por Noa Presas Bergi.

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a construción dun novo campo de fútbol en Ourense.

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:52
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estadio do Couto é unha infraestrutura deportiva central para a práctica federada e a vida deportiva da cidade de Ourense e das comarcas da contorna. Importancia que vese reflectida na actividade deportiva que acolle. Actualmente serve como sede habitual para encontros oficiais de fútbol -deporte que a día de hoxe é o de maior implantación federativa en Galiza, superando as 100 000 licenzas-, de dous clubs ourensáns (a U. D. Ourense, e o Ourense, C.F. -, albergando tamén tanto competicións locais, como nacionais e estatais, así como eventos de relevancia internacional, que atraen a asistencia de milleiros de afeccionados que chegan a encher practicamente a totalidade da capacidade da instalación, como ocorre cando se programan encontros de alto nivel competitivo.

Malia as diferentes reformas e lavados de cara realizados no campo de fútbol do Couto, de titularidade da Xunta de Galiza e que conta con case 70 anos de antigüidade- -a última cun investimento que superou os 2,5 M€ , dos que 1.804.235,11 euros correspóndense con actuacións na instalación, e 765.307,20 euros coa reforma integral do terreo de xogo, non resolveron ningún dos problemas que padecía a infraestrutura. Actualmente segue a presentar deficiencias espaciais, patoloxías construtivas e problemas de accesibilidade e iluminación entre outras, ao tempo que resulta ser pouco operativo e

Asinado o día 14/01/2026 ás 12:52
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

funcional tanto para deportistas como para o público en xeral, chegando ao absurdo de non existir visión completa do terreo do xogo dende unha das tres bancadas de que dispón o estadio.

As referidas deficiencias na accesibilidade, na iluminación, na sinalética, na megafonía ou na distribución dos espazos por citar só algúns exemplos, fan que sexa necesario abordar de vez a construción dun novo Estadio do Couto. Un novo estadio cómodo, accesible, dinámico, moderno e funcional, apto para soportar a importante e continua actividade deportiva que demanda o ser empregado por dous clubs ao mesmo tempo, a Unión Deportiva Ourense, herdeira de CD Ourense, e o Ourense CF, antiga Ponte Ourense.

A expansión e diversificación da actividade deportiva na provincia —reforzada por éxitos recentes de clubs ourensáns en competicións federadas e pola participación crecente da cidadanía en actividades deportivas organizadas— evidencian a necesidade de ampliar e mellorar as infraestruturas deportivas da cidade. Esta ampliación permitiría non só cubrir as demandas dunha base social ampla, senón tamén fomentar o desenvolvemento de programas de deporte base, escolar e federado con espazos axeitados para adestramentos, competicións e formación, e suporía un impulso á cohesión territorial e ao benestar da poboación.

A planificación dunha cidade deportiva anexa ou alternativa ao Estadio do Couto permitiría racionalizar o uso das instalacións, coordinar o desenvolvemento de multitude de disciplinas deportivas baixo un mesmo eixo, optimizar investimentos públicos e adaptar a oferta de equipamentos ás necesidades reais da poboación e dos clubs ourensáns, tanto en termos de licenzas federativas como de prácticas non federadas de carácter masivo.

Dende hai anos dende o BNG insistimos na necesidade de acometer na zona do Couto unha actuación completa e integral, que transcenda o estrito ámbito futbolístico e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que contribúa a paliar a carencia de instalacións deportivas na cidade, permitindo desconxestionar as actuais.

Unha intervención que, asemade, contribúa a solucionar a carencia de estacionamento na cidade, coa creación do tan demandado aparcadoiro disuasorio no Couto; e que permita a desconxestionamento do tránsito na rúa e rotonda de Ervedelo coa creación dun novo acceso de entrada e saída dende a N-525 a través da prolongación da rúa Francisco de Moure e a urbanización e humanización dunha zona altamente degradada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Impulsar a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Ourense para o desenvolvemento das actuacións precisas para dotar á cidade de Ourense dun novo estadio de fútbol no barrio do Couto e a transformación do actual nunha cidade deportiva.

b) Inmediata e urxente execución das obras de acondicionamento e mellora do campo de fútbol do actual Campo do Couto en Ourense, nomeadamente no que atinxe ao céspede, á iluminación, accesibilidade e sinalética; así como o restablecemento e exhibición das esculturas e trofeos de lembranza e recoñecemento colectivo e social á institucións e deportistas ourensáns”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/01/2026 12:52:00

Iago Suárez Fernández na data 14/01/2026 12:52:07

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2026 12:52:14

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2026 12:52:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:53:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:53:06
Nº Rexistro: 45471
Data envío: 14/01/2026 12:53:06.078

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o impulso de medidas dirixidas a garantir unhas condicións de vida dignas ás persoas máis vulnerables.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para milleiros de persoas en Galiza resulta cada vez máis difícil encher a cesta da compra con produtos frescos, saudables e de calidade. Produtos básicos como os ovos incrementaron nos últimos doce meses o seu prezo o 30%, a carne o 18%, o peixe o 10% e as verduras o 12%. Porén, os salarios das galegas e dos galegos non o fixo na mesma medida.

Así mesmo, cada vez máis persoas ven como acceder a un dereito fundamental como é a vivenda supón un imposible. Segundo os datos oficiais, o prezo do alugueiro supera o soldo de máis de 100.000 galegas e galegos situándose nos 600 euros de media na maior parte de Galiza.

Este contexto de forte incremento do custe da vida, fixo que:

- ▶ A metade dos galegos e das galegas tiveran que reducir gastos para chegar a fin de mes.
- ▶ Un 15% da poboación tivese que recortar en alimentación.

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:50
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:50
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

► 130.000 galegos e galegas teñan que destinar máis do 40% dos seus ingresos a pagar o alugueiro.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental que a Xunta de Galiza impulse medidas dirixidas a garantir unhas condicións de vida dignas especialmente para as persoas máis vulnerables.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Aumentar de maneira inmediata o complemento de alugueiro da Risga do 10% ao 25% do IPREM, tal e como fixa a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza, e do 15% ao 40% no caso das familias con menores ou con persoas en situación de dependencia.
2. Duplicar o complemento autonómico das pensións non contributivas en 2026.
3. Recuperar o complemento autonómico do bono social eléctrico e térmico, que deberá ser aboado no primeiro trimestre de 2026.
4. Impulsar de maneira inmediata a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para, entre outras cuestións, rematar coa incompatibilidade da RISGA e do IMV”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 13:50:03

Ariadna Fernández González na data 14/01/2026 13:50:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:52:55
Nº Rexistro: 45506
Data envío: 14/01/2026 13:52:55.046

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:52:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:52:55
Nº Rexistro: 45506
Data envío: 14/01/2026 13:52:55.046

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45526
Data envío: 14/01/2026 14:07:46.018

Asinado o día 14/01/26
14:03
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O correcto funcionamento dos xulgados de violencia sobre a muller constitúe unha peza esencial do sistema de protección das vítimas, garantindo unha resposta xudicial áxil, especializada e segura nun ámbito de máxima sensibilidade social.

Porén, segundo consta nos escritos formais de denuncia presentados polo sindicato UGT ante a Dirección Xeral de Xustiza, a situación do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela presenta deficiencias graves e persistentes dende o inicio do seu funcionamento efectivo, sen que a Xunta de Galicia adoptase as medidas necesarias para corrixilas.

Entre as incidencias denunciadas destacan:

- A imposibilidade do persoal de reforzo de acceder ás aplicacións informáticas esenciais, o que supón a perda real de efectivos nun xulgado xa sobrecargado.
- A falta de medios materiais básicos, como mesas de traballo suficientes, evidenciando unha absoluta falta de planificación por parte da Administración autonómica.

Asinado o día 14/01/2026 ás
14:03
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 14/01/2026 ás
14:02
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161873

28071 Madrid

@PSdeG



- A ausencia de formación específica do persoal procedente doutras xurisdicións, obrigando a sostelo funcionamento do órgano grazas á boa vontade do persoal procedente do antigo Xulgado de Instrución nº 3.
- A existencia dunha situación de caos organizativo, con varios detidos simultaneamente, que xera inseguridade tanto para o persoal como para as propias vítimas.
- A dispersión física do persoal do xulgado, dificultando o traballo coordinado.
- A falta de espazos adecuados para a práctica de declaracións, chegando a utilizarse despachos non habilitados para tal fin, cun grave risco para a intimidade, a seguridade e a calidade procesual.

Estas deficiencias non poden cualificarse como incidencias puntuais, senón como consecuencia directa dunha xestión deficiente por parte da Xunta de Galicia, que ten as competencias en materia de medios persoais e materiais da Administración de Xustiza.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza nun xulgado de violencia de xénero, onde cada atraso, cada erro organizativo e cada carencia de medios repercute directamente na protección das vítimas, vulnerando os principios de dilixencia debida e atención integral que deben rexer esta materia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar de maneira inmediata ao devandito xulgado de todos os medios materiais necesarios, incluíndo postos de traballo suficientes, equipamentos informáticos completos e acceso pleno ás aplicacións xudiciais para todo o persoal destinado.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45526
Data envío: 14/01/2026 14:07:46.018

2. Garantir que todo o persoal, incluído o de reforzo, dispoña de acceso inmediato e pleno ás aplicacións informáticas xudiciais, evitando a perda de efectivos reais no funcionamento diario do órgano.
3. Implantar con carácter urxente un plan de formación específica en violencia sobre a muller, de carácter presencial e en liña, para o persoal procedente doutras xurisdicións.
4. Habilitar, con carácter transitorio e voluntario, ampliacións de xornada ao persoal con experiencia previa en violencia de xénero, co fin de garantir a formación práctica inmediata do novo persoal, tal e como solicita UGT.
5. Unificar fisicamente ao conxunto do persoal do xulgado nun mesmo espazo, garantindo unhas condicións de traballo dignas, seguras e eficientes.
6. Habilitar espazos adecuados e específicos para a práctica de declaracións, garantindo a intimidade, seguridade e protección das vítimas.
7. Adoptar todas estas medidas de maneira inmediata, evitando que a precariedade actual siga afectando ao funcionamento da Xustiza e á protección das vítimas de violencia machista.

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161875

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 14/01/2026 14:02:53

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 14:03:01

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 14:03:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/01/2026 14:03:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45526
Data envío: 14/01/2026 14:07:46.018

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:07:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45526
Data envío: 14/01/2026 14:07:46.018

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

Desde o inicio desta lexislatura, a Xunta de Galicia está desenvolvendo a maior transformación do sistema educativo das últimas décadas, co obxectivo de asegurar a estrutura territorial e laboral do ensino e adaptar as aulas ás necesidades e retos dos próximos anos.

Este compromiso pasa por seguir intensificando as medidas de reforzo da figura do profesorado como principal responsable en asegurar unha educación de calidade, equitativa e que garanta a inclusión de todas as persoas. Por iso, desde o Grupo Popular apoiamos as diferentes medidas postas en marcha polo Goberno galego nestes últimos cursos, baseadas no diálogo fronte á confrontación e á liorta.

Por exemplo, froito da altura de miras que permitiu o Acordo de Mellora cos sindicatos asinantes, hoxe, nun contexto de caída do alumnado, en lugar de falar de peches de unidades ou de redución de persoal, falamos dun mapa educativo reforzado e dun incremento dos recursos docentes.

O Goberno galego continúa convocando prazas para a incorporación de novo profesorado. O ano pasado rematou un proceso de oposición a través do cal se incorporaron ao sistema uns 1.113 novos docentes. E xa sabemos que este ano as prazas convocadas superarán as 1.600. Como balance, desde o ano 2009, convocáronse preto de 22.000 prazas o que permite, entre outras, que teñamos unhas taxas de interinidade moi por debaixo da media estatal.

O Goberno galego está a poñer en marcha medidas para que o profesorado se sinta valorado e respectado, que van desde a mellora da carreira docente, a facilitación da conciliación, ou incrementos salariais para aqueles docentes que máis se formen ou asuma responsabilidades no centros, entre outras medidas.

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:51
Por Alberto Pazos Couñago





Por exemplo, desde este curso comezouse a desenvolver o plan de redución da burocracia, pactado cos sindicatos asinantes do Acordo de Mellora, que, unha vez completado, suporá máis de 120.000 horas liberadas e 600 pasos menos nos trámites administrativos para que o profesorado poida dedicar todo este tempo á atención do alumnado e á mellora do ensino.

Ademais, a Xunta de Galicia traballa na posta en funcionamento dunha Oficina de Apoio ao Docente que, tal e como foi anunciado, xa comezará a funcionar este curso para atallar unha cuestión que, cada vez, preocupa máis ao persoal nos centros educativos.

Todo isto –propostas reais que melloran a profesión docente— choca tanto cos que só buscan a confrontación e o conflito como co Goberno central, que en oito anos non puxo nin unha soa medida en marcha para reforzar a profesión docente.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir avanzando e poñendo enmarcha medidas para a mellora do profesión docente e o reforzo da autoridade do profesorado na aula para que se sinta valorado e protexido.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/01/2026 17:51:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45573
Data envío: 14/01/2026 17:53:00.871

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 17:53:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45573
Data envío: 14/01/2026 17:53:00.871

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:01
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o reforzamento da xestión colectiva e o monte veciñal en man común como estratexia de fixación de poboación rural en Galiza e resiliencia fronte ao cambio climático e aos incendios forestais en Galiza.

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:01
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A tradición galega de monte veciñal en man común e outras fórmulas de xestión colectiva do territorio representa un activo institucional único en Europa. Mentres en moitos países europeos a xestión colectiva desapareceu ou se debilitou gravemente, en Galiza segue existindo como práctica viva en centos de comunidades. Este é un privilexio histórico e unha oportunidade estratéxica que non podemos desaproveitarmos.

O Informe Cocampo 2025 destaca explicitamente que a capacidade de xestión colectiva é unha panca chave para innovar e fortalecer o rural. En contexto de despoboación acelerada, cambio climático, risco de incendios forestais extremos, e abandono masivo de terra, a xestión comunal pode actuar como áncora de fixación de poboación, xeración de emprego local e resiliencia territorial.

Con case 80.000 hectáreas abandonadas en Lugo e con relevo xeracional en risco crítico, non podemos seguir tratando a xestión comunal como unha reliquia do pasado. Precisa de estatuto de política pública estratéxica, coa dotación económica, o apoio técnico e o recoñecemento institucional que merece.

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:00
Por Montserrat Valcárcel Armesto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reforzar o marco legal e institucional para a xestión comunal, e para iso:

a) Revisar e modernizar a Lei 5/1997 de Xestión Forestal Sustentable de Galiza para blindar e potenciar explicitamente o monte veciñal en man común como institución estratéxica de interese público, establecendo salvagardas legais fronte a procesos de privatización ou desmantelamento.

b) Crear a figura de "xestión comunal estratéxica" que poida beneficiarse de apoio público prioritario independentemente do tamaño ou da rendibilidade inmediata da comunidade.

c) Proceder ao recoñecemento institucional permanente coa creación dun Consello Asesor de Xestión Comunal no seo da Consellería do Medio Rural, integrado por representantes de comunidades, sindicatos agrarios, universidades, e administración local.

d) Fixar garantías de estabilidade a partir do compromiso da Xunta de que non haberá redución de financiamento para xestión comunal en ningún escenario de axuste orzamentario.

2. No que respecta ao apoio técnico e ao acompañamento especializado:

a) Contratar técnicos forestais especializados en xestión comunal, con obxectivo de incrementar a plantilla actual nun 50% nos próximos dous anos. Estes técnicos terán dedicación exclusiva a acompañar comunidades en ordenación forestal, plans de xestión, e xestión empresarial.



b) Crear un Centro de asesoría técnica especializada en xestión comunal, con capacidade de resposta rápida a demandas de comunidades en materias de: ordenación forestal, valorización de aproveitamentos, prevención de incendios, xestión empresarial, e cuestións xurídicas.

c) Dispoñer dunha rede de técnicos locais comarcais que coñezan a realidade específica de cada zona e poidan actuar como ponte entre comunidades e administración.

3. En canto ao apoio económico reforzado:

a) Establecer un Fondo de apoio anual específico para reforzamento de comunidades de montes, cunha dotación que se incrementa nun 30% anual durante os próximos catro anos. Este fondo financiará: asesoría legal, auditorías, plans de xestión, formación, e actividades de xestión que xeren emprego local.

b) Fixar unha liña de subvencións para traballos de mantemento e mellora de montes comunais: desbroce preventivo, marcación de pistas, sinalización, e infraestruturas básicas de xestión.

c) Prever unha liña específica de apoio a comunidades para custos de xestión (gastos de xuntas, seguros, custos administrativos), de tal forma que a xestión comunal sexa economicamente viable incluso en comunidades pequenas.

4. No ámbito da formación e relevo xeracional implementar as seguintes actuacións:

a) Programa de bolsas de formación especializada en xestión forestal comunal, dirixido a mozas e mozos que queira especializarse nesta materia. Obxectivo: formar 50 profesionais ao ano en xestión comunal, prevención de lumes, valorización de produtos forestais non madeiros, e xestión empresarial de comunidades.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

b) Programa de "titorías" entre comunidades veteranas e comunidades en risco de desmantelamento, para transferencia de coñecemento e boas prácticas.

c) Incentivos para xoves que queira asumir responsabilidades de liderado en comunidades: bolsas de formación en liderado, xestión, e comunicación.

d) Conexión con universidades galegas para que os seus programas de enxeñaría forestal e ciencias ambientais incluían módulos sobre xestión comunal.

5. Na esfera da innovación e valorización económica apostar polas seguintes medidas:

a) Programa de proxectos demostrativos: apoio específico a comunidades que queira experimentar con modelos innovadores de aproveitamento e xestión. Áreas de innovación: biomasa sustentable, castañas e produtos forestais non madeiros, carbono, biodiversidade, turismo de natureza, e servizos ecosistémicos.

b) Creación dunha "marca de calidade" para produtos de montes galegos xestionados colectivamente, con selo distintivo "Monte Galego de Xestión Sustentable" que facilite comercialización diferenciada e con prezo xusto.

c) Asesoría para acceso a mercados de servizos ecosistémicos: apoio técnico para que comunidades poidan acceder a fondos de compensación por carbono, biodiversidade, servizos de auga, e outros mecanismos de financiamento verde.

d) Conexión con mercado: facilitar relacións entre comunidades de montes e empresas transformadoras ou distribuidoras de produtos forestais.

6. Con respecto á integración na prevención de incendios forestais impulsar as seguintes actuacións:



a) Incorporación sistemática e estrutural de comunidades de montes nos plans comarcais de prevención de incendios forestais. As comunidades deixan de ser "actrices" pasivas e convértense en "actrices" estratéxicas da prevención.

b) Financiamento estable e multianual para traballos de prevención en montes comunais: desbroce preventivo, limpeza de marxes de pistas, creación de cortafogos, e mantemento de infraestruturas. Obxectivo: 5.000 hectáreas de montes comunais con traballos preventivos anuais.

c) Prioridade na contratación local: traballos de prevención en comunidades de montes serán realizados preferentemente por persoal local, xerando emprego rural estable.

d) Integración con plans de xestión forestal ordenada: a prevención non é un labor illado, senón parte integral dunha estratexia de ordenación que compatible seguridade, sustentabilidade e xeración de renda.

7. No tocante ao liderado feminino e inclusión social apostar polas seguintes medidas:

a) Programa específico "Ecolíderesas Rurais": apoio intensivo a mulleres que queira asumir papeis de liderado en comunidades de montes. Incluirá titorías, formación en xestión e comunicación, e conexión con redes de mulleres produtoras.

b) Incentivos tributarios e económicos para mulleres que asuman responsabilidades de tesouraría, presidencia ou coordinación en comunidades de montes.

c) Rede de mulleres xestoras de montes: creación dunha rede de comunicación, intercambio e apoio entre mulleres que traballa en xestión comunal.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

d) Recoñecemento público da contribución histórica de mulleres na xestión tradicional dos montes galegos.

e) Indicadores de participación feminina en todos os programas de xestión comunal, con metas de paridade.

8. En canto á transferencia de coñecemento e visibilidade:

a) Crear un Centro de Referencia en Xestión Comunal, dotando á universidade galega (ou creación de novo) para investigación, docencia e difusión de boas prácticas en gobernanza comunal. Este centro debe ser o epicentro de formación, investigación e transferencia de coñecemento.

b) Programar visitas e intercambios entre comunidades: apoio para que comunidades de montes poidan visitar outras, coñecer experiencias, e aprender de xeito directo.

c) Publicar con carácter anual un "Informe sobre a Xestión Comunal en Galiza" con estatísticas, boas prácticas, retos, e propostas de mellora.

d) Comunicar e promocionar publicamente o valor da xestión comunal galega como modelo de gobernanza territorial fronte ao cambio climático, aos incendios forestais, e á despoboación. A xestión comunal non é só unha reliquia: é futuro.

e) Apoiar a documentación e patrimonialización cultural da xestión comunal: historiografía, tradición, sabedorías locais.

9. En canto á avaliación e seguimento da estratexia integral de reforzamento da xestión colectiva do monte veciñal en man común e outras fórmulas comunais de gobernanza territorial co obxecto de fixar poboación rural e resiliencia fronte ao cambio climático e aos incendios forestais en Galiza, comprometerse a presentar un Informe anual da Xunta ao Parlamento sobre avance en: número de comunidades apoiadas,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hectáreas baixo xestión comunal ordenada, técnicos contratados, mozos e mozas formados, traballo preventivo realizado, renda xerada, emprego creado, e participación feminina; no que se contemplen indicadores específicos como a taxa de relevo xeracional, número de comunidades en risco de desmantelamento, número de innovacións en aproveitamentos, e acceso a mercados de carbono ou biodiversidade.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/01/2026 9:00:56

Secundino Fernández Fernández na data 15/01/2026 9:01:09

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 9:01:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45574
Data envío: 15/01/2026 09:03:07,087

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 9:03:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45574
Data envío: 15/01/2026 09:03:07,087

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:32
Nº Rexistro: 45586
Data envío: 15/01/2026 10:02:32.895

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:58
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ao Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun escenario de transición enerxética que, basicamente, consiste en electrificar, até o máximo posíbel, actividades económicas e mobilidade que actualmente consumen produtos de orixe fósil e, ademais e ao mesmo tempo, conseguir que a xeración eléctrica sexa moi maioritariamente con fontes renovábeis, precisamos incentivar a nosa eficiencia enerxética, producir o mesmo pero con menos consumo enerxético.

Como xa se ten evidenciado, nestes últimos anos estamos asistindo a unha baixada moi pronunciada do consumo eléctrico na Galiza; isto débese ao parón das electrointensivas -caso singular é o de Alcoa, por ser o maior consumidor de electricidade de Galiza-, mais tamén hai un menor consumo doméstico.

Dita diminución no consumo advirte que os obxectivos da transición enerxética non se están cumprindo nestes momentos, xa que, de darse, estaríamos asistindo a unha caída de consumo de carburante que sería substituída por un maior consumo eléctrico e, como dicimos, de momento non se está producindo.

Porén, esta situación dálle un maior prazo e unha mellor posición a Galiza para acometer a transición; agora somos deficitarios en enerxía pero con importantes

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:58
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:58
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

excedentes en electricidade e cun incremento moi significativo da xeración eléctrica renovábel.

Mais tamén precisamos dun novo Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética, no que se cuantifiquen e fixen os obxectivos a conseguir en diferentes períodos temporais prefixados, xunto cos métodos de control e avaliación do mesmos; as axudas que se aproben o amparo do mesmo deben ser todas en réxime de concorrencia competitiva, mais onde as persoas con limitacións para acceder a todos os sistemas e tecnoloxías de aforro enerxético teñan prioridade nunha única convocatoria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a Elaborar o Plan Galego de Aforro e Eficiencia Enerxética, que actúe na Rehabilitación Enerxética Acelerada de vivendas actuando nun mínimo de 5.000 vivendas/ano durante 4 anos (máis vulnerables primeiro). Con financiamento 100% público, execución directa e o obxectivo de reducir o consumo 30% en edificios residenciais. Actuación na Electrificación de Calefacción con medidas que favorezan o cambio de caldeiras de gas a bomba de calor en edificios públicos e artellando incentivos fiscais para vivendas privadas en función do nivel de renda. Co obxectivo de acadar 20.000 caldeiras cambiadas antes de 2030. No plano da Mobilidade Eléctrica fomentarase a instalación de 3.000 puntos de carga rápida antes de 2030 e darase prioridade de descarbonización no transporte público coa introdución buses eléctricos e de combustibles con menor pegada de carbono. Do mesmo xeito continuarase coas liñas de axuda para compra de vehículos eléctricos e de baixas emisións en función do nivel de renda. Actuarase no tecido produtivo a través do programa Industrial de Eficiencia, no que se levaran a cabo auditorías enerxéticas gratuítas para PYMES e artellaranse liñas de créditos brandos para modernización e emprego de tecnoloxías eficientes con obxectivos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de aforro enerxético por euro investido e unha meta de 1.000 centros industriais modernizados en 2030.

Todo este programa mobilizará un mínimo de 450 millóns € en 4 anos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/01/2026 9:58:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2026 9:58:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2026 9:58:57

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2026 9:59:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:32
Nº Rexistro: 45586
Data envío: 15/01/2026 10:02:32.895

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:02:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:32
Nº Rexistro: 45586
Data envío: 15/01/2026 10:02:32.895

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O sector pesqueiro galego está a expresar a profunda preocupación pola forma na que o novo Regulamento europeo de control da pesca e a súa aplicación polo Goberno de España están a afectar á pesca de baixura e artesanal galega.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos que as obrigas introducidas, e en particular a obriga de pre-aviso de chegada ao porto, mesmo tras a redución proposta a dúas horas e media, son excesivas, desproporcionadas e alleas á realidade operativa da nosa frota.

Os profesionais da pesca galega desenvolven a súa actividade en zonas próximas ao porto, con saídas e entradas continuas ao longo da xornada e con dependencias claras das condicións meteorolóxicas e mareais. Precisar, por tanto, comunicar con antelación obrigatoria a chegada ao porto non só non mellora realmente o control, senón que impón unha carga administrativa que os propios pescadores cualifican como impropia e difícil de cumprir no seu día a día.

A normativa comunitaria orixinal, que establecía a obriga de pre-avisar catro horas antes da chegada, resultaba totalmente alonxada da natureza da pesca de baixura. A redución a dúas horas e media proposta polo Goberno, lonxe de ser unha solución, segue a ser excesiva para embarcacións que faenan a menos dunha hora dos portos na inmensa maioría dos casos e que non poden prever con certeza a súa hora de entrada, algo que o sector sinala como insostible e que cualifica como “carga burocrática desproporcionada”.





Ademais, os pescadores ven sometidos a obrigas múltiples de notificacións e declaracións electrónicas ao longo da xornada —coa conseguinte duplicidade de tarefas entre cuberta e papeleo— que supoñen un risco operativo e unha desviación da atención principal que é a propia actividade de pesca.

Estas notificacións, incluídas comunicacións de saída e entrada en zona, declaracións diarias de captura ou de desembarque, e o pre-aviso de regreso, engaden complexidade ao traballo dos profesionais, que xa manifestan que “son pescadores, non oficinistas”.

Desde o PP de Galicia, como forza que representa a maior parte das vilas e localidades pesqueiras da nosa comunidade, entendemos que estas obrigas non están adaptadas á realidade social, económica e técnica da pesca de baixura galega. A propia natureza dunha actividade que xera emprego, dinamiza as economías locais e é sostén de miles de familias no rural costeiro fai imprescindible que as normas de control se apliquen con proporcionalidade e sentido común.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Reclamar ante as institucións europeas e no ámbito estatal a eliminación ou a adaptación real das obrigas de pre-aviso de chegada ao porto para as embarcacións de baixura e artesanal galega, tendo en conta a distancia real aos portos, a duración das mareas e as condicións operativas do sector.
- 2.- Traballar cara á simplificación dos trámites electrónicos e das declaracións obrigatorias cando non supoñan unha mellora efectiva do control, evitando cargas administrativas desproporcionadas que dificultan a actividade produtiva dos nosos pescadores.





- 3.- Defender con firmeza ante a Unión Europea a realidade da pesca galega, para que as normativas comunitarias e estatais se apliquen con flexibilidade e proporcionalidade e non supoñan, en ningún caso, un freo á viabilidade económica e social dun sector estratéxico para Galicia”.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2026 10:24:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:24:21
Nº Rexistro: 45593
Data envío: 15/01/2026 10:24:21.557

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:24:21
Nº Rexistro: 45593
Data envío: 15/01/2026 10:24:21.557

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:24:22

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5º**.

O campus de Pontevedra da Universidade de Vigo está en constante renovación, grazas ao cal se ten consolidado xa, non só como un dos grandes polos de xeración de coñecemento en Galicia, senón tamén coma un dos principios motores económicos, de desenvolvemento creativo e de atracción de poboación desta nosa cidade. Os/as máis de 4.000 estudantes que cada ano se forman nel son parte activa do seu tecido social e produtivo.

Asemade Pontevedra, ten que aspirar a seguir ampliando o número de titulacións do seu campus, especialmente naquelas áreas de coñecemento nas que pode ser pioneira ou exclusiva no conxunto de Galicia e incluso de España; facendo aínda máis ampla a oferta de graos e mestrados vinculados á identidade da súa universidade, que pivota na creatividade, o ensino e as ciencias da saúde, formando profesionais e investigadores/as que, especialmente nestas dúas últimas áreas, son determinantes para ter unha sociedade con máis dereitos e máis inclusiva.

No eido da inclusión Pontevedra é tamén unha cidade sensible, cun tecido asociativo sociosanitario dos máis potentes de Galicia e con equipamentos únicos, coma o Centro de Recursos Educativos (CRE) da ONCE, no que entre outras cousas se forma a persoas cegas e con discapacidade visual grave, ou Xoga (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia; membro de FESOC: Federación Española de Sordoceguera), que forman e investigan sobre a diversidade sensorial en Linguaxe de Signos Española e Galega, co fin de lograr



a plena inclusión deste colectivo, integrado en Galicia por unhas 60.131 persoas, segundo datos da Consellería de Política Social, o que convirte á diversidade sensorial na segunda discapacidade con máis presenza en Galicia.

Neste sentido, as asociacións sen ánimo de lucro de Pontevedra, referentes a nivel estatal, que traballan con persoas xordas, xordocegas e con perda de audición, denuncian dende hai tempo o déficit que padecen de Intérpretes/Guías-intérpretes profesionais de linguaxe de signos, basicamente desde que en 2014 este deixou de ser un título de Formación Profesional e pasou a ser un grao universitario; momento no que Galicia perdeu a única titulación que tiña de Técnico/a Superior en Interpretación e Guía-interpretación de Linguaxe de Signos, na cidade da Coruña, existindo a día de hoxe unha única universidade en toda España, a Universidad Rey Juan Carlos de Madrid, que oferte o grao de Linguaxe de Signos Española (LSE).

A distancia é un elemento clave para desincentivar a moitos rapaces e rapazas galegos á hora de elixir formarse coma intérpretes/guías-intérpretes e, polo tanto, ao non existir novas promocións no noso país, o déficit destes profesionais e cada vez maior, incrementando as dificultades da comunidade con diversidade sensorial e outras discapacidades con déficits de linguaxe oral para lograr a plena inclusión pola que traballan a diario as entidades sociais.

A maiores diso, o feito de que exista unha soa titulación e que esta estea fóra de Galicia con leva un problema engadido, que todos os/as profesionais se forman unicamente en Linguaxe de Signos Española (LSE), obviando o coñecemento da Linguaxe de Signos Galega (LSG). A aprobación da Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguaxes de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, estableceu coma únicas linguaxes de signos oficiais a española e a catalá, obviando a realidade da Linguaxe de Signos Galega (LSG), desenvolvida ao longo de case un século en torno ao colexio de persoas xordas



e cegas de Santiago de Compostela, que fundado en 1864 foi o primeiro centro educativo deste tipo de Galicia e o terceiro de España, tralo de Madrid e Barcelona. O feito de concentrar nas súas aulas a persoas xordas de toda Galicia foi configurando as bases da comunidade xorda galega e dos trazos identitarios do que hoxe coñecemos coma Linguaxe de Signos Galega (LSG).

Se os/as intérpretes/guía-intérpretes só se forman en Linguaxe de Signos Española, esta será a única que empreguen no seu traballo e, polo tanto, as persoas xordas, xordocegas e con perda de audición, en lugar de manexar e coñecer tanto a LSE coma a LSG, irán desbotando pouco a pouco a galega, perdéndose a riqueza cultural que sempre supón unha linguaxe propia e afastando cada vez máis o obxectivo de lograr o recoñecemento da Linguaxe de Signos Galega (LSG) coma linguaxe oficial, exactamente igual que a española e a catalá, algo no que diversas institucións e colectivos levan décadas investigando e traballando; nomeadamente a Deputación Provincial de Pontevedra e XOGA (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia), colaboración que deu lugar no ano 2021 á publicación do “Informe Cero, Análise Preliminar Para A Revitalización Da Linguaxe de Signos Galega”, no que se valida a existencia da LSG e a súa revitalización.

Pontevedra e o seu campus son, pois, o espazo ideal para crear en Galicia o primeiro grao en linguaxe de signos, evitando ter que marchar fóra do noso país para poder formarse neste eido, incentivando así á mocidade a optar por esta titulación en maior medida do que o fai hoxe en día, paliando o déficit alarmante de intérpretes/guía-intérpretes en linguaxe de signos que sofren tanto as persoas xordas, xordocegas e con perda de audición coma os colectivos que traballan con elas e xerando un espazo docente e investigador oficial no que estudar, difundir e potenciar a Linguaxe de Signos Galega (LSG), xunto coa española.

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:33:01
Nº Rexistro: 45598
Data envío: 15/01/2026 10:33:01.681

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a traballar, xunto coa Universidade de Vigo, para crear e implantar no Campus de Pontevedra o Grao Universitario en Lingua de Signos Española (LSE) e Galega (LSG).

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

161904

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 10:26:25

Elena Espinosa Mangana na data 15/01/2026 10:26:33

Silvia Longueira Castro na data 15/01/2026 10:26:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 10:28:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:33:01
Nº Rexistro: 45598
Data envío: 15/01/2026 10:33:01.681

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:33:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:33:01
Nº Rexistro: 45598
Data envío: 15/01/2026 10:33:01.681

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A situación da xarda (caballa) na fachada atlántica europea é crítica. Leva máis de quince anos soportando capturas excesivas por parte de países terceiros como Noruega, Illas Feroe, Islandia, Groenlandia ou Rusia, que sistematicamente se asignan cotas propias moi por riba das recomendacións científicas. Tal e como alerta o Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES), estas prácticas supuxeron unha sobrepesca media do 39% na última década, colocando a especie nunha situación límite.

Os científicos propoñen unha redución drástica do 70% da cota global para 2026 co obxectivo de evitar o colapso biolóxico da especie. A Comisión Europea apoia esta recomendación, pero a falta dun acordo internacional no marco da NEAFC fai imposible avanzar cara a unha xestión responsable.

Esta inacción ten consecuencias directas sobre Galicia. A xarda representa entre o 30% e o 45% da facturación anual de moitas empresas galegas vinculadas ao litoral, afectando de maneira especial ao sector do arrastre e do cerco. As perdas estimadas para Galicia oscilarían entre os 26,5 e 28,4 millóns de euros e un impacto directo e indirecto de entre 37,1 e 39,7 millóns de euros só pola caída de prezo en lonxa e pola redución da actividade industrial asociada.

As organizacións pesqueiras europeas, como EAPO e Europeche, comparten coa Comisión Europea unha “profunda preocupación” polo bloqueo e pola actitude irresponsable dos países que se asignan cotas unilaterais. A propia conselleira do



Mar, Marta Villaverde, xa trasladou que Galicia apoiará á Comisión Europea na súa intención de “actuar con todos os instrumentos dispoñibles” fronte a estes incumprimentos.

Neste contexto, Galicia non pode permanecer impasible, especialmente cando está en xogo o futuro de centos de barcos, miles de empregos directos e indirectos e unha cadea de valor estratéxica para a economía galega.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, no marco das negociacións europeas e internacionais sobre a xarda, adopte as seguintes medidas:

- 1.- Actuar con firmeza fronte aos países que incumpren as cotas recomendadas polo ICES, esixindo que se apliquen mecanismos comerciais, restricións de acceso ao mercado ou calquera medida prevista no dereito comunitario para frear as asignacións unilaterais de Noruega, Islandia, Feroe, Groenlandia ou Rusia.
- 2.- Defender sen ambigüidade unha redución proporcional da cota asignada á UE, de maneira que non recaia unha carga desmedida sobre a frota galega mentres outros países manteñen prácticas de sobrepesca incompatibles coa sustentabilidade da especie.
- 3.- Esixir un acordo internacional vinculante no marco da NEAFC, que impida que cada país fixe as súas propias cotas e garanta unha xestión baseada exclusivamente nos ditames científicos.
- 4.- Reclamar compensacións económicas e flexibilización normativa para o sector galego no caso de aplicarse finalmente un recorte de capturas tan elevado como o 70 % proposto polo ICES.





- 5.- Defender que Galicia participe de maneira estable na delegación española en todas as negociacións internacionais que afecten ás especies clave para a frota galega, como caballa, xarda, pescada ou bacallau.
- 6.- Impulsar campañas estatais e europeas de control da pesca ilegal, garantindo que os países incumpridores non introduzan produto nos mercados comunitarios en condicións que prexudiquen á nosa frota.
- 7.- Apoiar a aplicación das medidas contempladas no recentemente aprobado Regulamento UE 2025/2077 do parlamento Europeo e do Consello, de 8 de outubro de 2025, polo que se modifica o Regulamento UE nº 1026/2021 sobre determinadas medidas destinadas á conservación das poboacións de peixes en relación cos países que autorizan unha pesca sostible”.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2026 10:35:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:35:52
Nº Rexistro: 45600
Data envío: 15/01/2026 10:35:52.574

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:35:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:35:52
Nº Rexistro: 45600
Data envío: 15/01/2026 10:35:52.574

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e do deputado **Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta se dirixir ao goberno do Estado para que Galiza sexa membro asociado da UNESCO en igualdade de condicións que Euskadi e Catalunya.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o goberno do Estado anunciou a súa proposta de solicitar que Catalunya e Euskadi entrasen a facer parte como membros asociados da UNESCO.

De inmediato causou sorpresa a exclusión de Galiza desta proposta. Mais aínda sorprendeu moito máis a resposta do goberno da Xunta, en declaracións do Conselleiro da Presidencia, confirmando que para o PP non é importante que Galiza como nación cultural estea representada nun organismo internacional como este.

Este desinterese da Xunta provocou reaccións por parte de diferentes institucións e entidades culturais do noso país.

En primeiro lugar, o Consello da Cultura Galega, órgano estatutario encargado de velar pola cultura galega e principal asesor do goberno da Xunta en materia de cultura, para quen Galiza conta cunha “cultura galega, cunha identidade propia, cunha lingua oficial e cun patrimonio secular, que merece unha representación equitativa á doutras comunidades históricas nas esferas internacionais”.

Deseguido a Real Academia Galega tamén se manifestou a favor de lle dar unha maior relevancia á nosa lingua e cultura en todos os organismos internacionais para



contribuír á súa visibilidade e recoñecemento.

Por último, a día de hoxe, un total de dezasete fundacións e entidades literarias galegas instan o goberno do Estado a rectificar o que consideran unha discriminación inaceptábel e incluír tamén Galiza como membro asociado da UNESCO ao se tratar dunha comunidade cultural e lingüística singular e diferenciada ao igual que Euskadi e Catalunya.

Máis unha vez as institucións culturais galegas defenden o respecto e recoñecemento pola singularidade lingüística e cultural galega tamén nos organismos internacionais, fronte a un goberno do PP que segue a traballar politicamente para impedilo dentro e fóra de Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a se dirixir ao goberno do Estado para que solicite que Galiza sexa membro asociado da UNESCO, como nación cultural e lingüística singular e diferenciada, en igualdade de condicións que Euskadi e Catalunya, dentro deste espazo privilexiado para o recoñecemento, a cooperación e a visibilidade das culturas do mundo do que Galiza non pode ser discriminada.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2026 10:41:36

Iria Taibo Corsanego na data 15/01/2026 10:41:41

Daniel Castro García na data 15/01/2026 10:41:49

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2026 10:41:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:47:49
Nº Rexistro: 45604
Data envío: 15/01/2026 10:47:49.489

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:47:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:47:49
Nº Rexistro: 45604
Data envío: 15/01/2026 10:47:49,489

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A pesca é un sector estratéxico para Galicia desde o punto de vista económico, social e alimentario. A frota galega do caladoiro Cantábrico-Noroeste caracterízase por unha actividade responsable, aliñada cos criterios científicos e co cumprimento estrito da Política Pesqueira Común, ao tempo que garante emprego, cohesión territorial e acceso da poboación a proteína saudable e a prezos asumibles.

Porén, as negociacións dos Totais Admisibles de Capturas (TAC) e cotas para 2026 están a ter consecuencias moi negativas para Galicia, especialmente en especies clave como a xarda e a bacaladilla, con recortes moi severos que, no caso da cabala, chegan a reducións próximas ao 70 %, e no caso da bacaladilla superan o 40 %.

Estas decisións prodúcense nun contexto internacional claramente desequilibrado, no que países terceiros como Noruega e as Illas Feroe manteñen niveis de captura moi superiores aos acordados, provocando unha sobreexplotación continuada que acaba sendo corrixida mediante recortes ás frots comunitarias que si cumpren as normas. O resultado é unha penalización inxusta das frots máis sostibles e unha perda de credibilidade da gobernanza pesqueira internacional.

As consecuencias destes recortes son graves:

- Poñen en risco a viabilidade económica da frota galega e o emprego asociado.



- . Impactan negativamente en toda a cadea mar-industria.
- . Reducen a dispoñibilidade de peixe tradicionalmente accesible, afectando especialmente ás rendas máis baixas.

Galicia non pode aceptar que a sustentabilidade ambiental se constrúa exclusivamente a costa do seu sector pesqueiro, mentres terceiros países incumpren os acordos sen asumir consecuencias reais, nin que a Unión Europea amose debilidade á hora de defender os intereses das súas froas máis responsables.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Esixir ante a Comisión Europea unha resposta firme fronte ás prácticas de sobreexplotación da cabala e da bacaladilla por parte de países terceiros, singularmente Noruega e as Illas Feroe.
- 2.- Reclamar que a Unión Europea active medidas comerciais disuasorias, incluídas restricións ou aranceis, cando países terceiros non respecten os acordos internacionais de xestión pesqueira.
- 3.- Solicitar que as negociacións de TAC e cotas para o caladoiro Cantábrico-Noroeste incorporen de maneira efectiva unha avaliación do impacto socioeconómico, evitando que os recortes recaian de forma desproporcionada sobre as froas comunitarias máis sostibles.
- 4.- Defender mecanismos de flexibilidade, adaptación e compensación para a frota galega afectada polos recortes en cabala e bacaladilla, co obxectivo de preservar o emprego, a actividade económica costeira e a viabilidade das empresas.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:55:03
Nº Rexistro: 45615
Data envío: 15/01/2026 10:55:03,906

5.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Comisión Europea e ás organizacións representativas do sector pesqueiro galego.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





- 6.- Instar ao Goberno de España e á Comisión Europea a que apliquen medidas destinadas á conservación das poboacións de pesqueiras como a da cabala e a bacaladilla, en relación cos países que practican unha pesca non sostible e irresponsable. É dicir, aplicar “a falta de cooperación por impoñer medidas unilaterais, e pola celebración de acordos de reparto parcial con exclusión de determinados Estados e rexións costeiras, como é o caso de España e Galicia, en particular”.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2026 10:54:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:55:03
Nº Rexistro: 45615
Data envío: 15/01/2026 10:55:03,906

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:55:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:55:03
Nº Rexistro: 45615
Data envío: 15/01/2026 10:55:03,906

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o establecemento de financiamento estable e multianual para traballos de prevención de incendios forestais en montes veciñais en man común, con prioridade en contratación local como mecanismo de xeración de emprego rural.

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:41
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os incendios forestais representan a maior ameaza ao territorio galego. Co cambio climático, os lumes son máis frecuentes, máis intensos e máis difíciles de controlar. A prevención, non a extinción, é a única estratexia sostible.

E en prevención, as comunidades de montes teñen un papel irremplazable: unha comunidade ben organizada, con técnicos especializados, con financiamento para traballos de mantemento, e con persoal motivado, é máis capaz de manter o monte limpo, de responder rápido ante lumes incipientes, e de facer prevención activa que calquera xestión privada dispersa ou xestión pública desconexiónada.

Actualmente, o financiamento para traballos preventivos en montes comunais é fragmentado, insuficiente e inestable. Isto fai que moitas comunidades non poidan levar a cabo traballos básicos de desbroce, limpeza de marxes, ou mantemento de pistas.

En consecuencia con isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta unha proposta coa que:

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:41
Por Montserrat Valcárcel Armesto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

1. Garantir financiamento estable para prevención en montes comunais
2. Priorizar contratación local, xerando emprego rural fixo
3. Integrar prevención con xestión ordenada e xeración de renda
4. Fortalecer o papel das comunidades como actrices estratéxicas de resiliencia territorial.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as seguintes actuacións:

1. Liña de financiamento estable para prevención en montes comunais:

a) Creación dunha liña presupostaria permanente e multianual (mínimo 5 anos) dedicada exclusivamente a financiar traballos de prevención de incendios forestais en montes veciñais en man común.

b) Dotación inicial: 20 millóns de euros anuais, con incremento anual dun 10% durante os primeiros catro anos. Obxectivo: 5.000 hectáreas de traballos preventivos anuais en montes comunais.

c) Garantía de estabilidade: compromiso parlamentario de que esta liña non será sometida a axustes orzamentarios en contexto de crise.

2. Tipos de traballos financiáveis:

a) Desbroce preventivo: eliminación de maleza e arbustos baixos que facilitan propagación de lumes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- b) Limpeza de marxes de pistas e camiños forestais.
- c) Creación e mantemento de cortafogos naturais e infraestruturas defensivas.
- d) Poda de ramas baixas en árbores para reducir carga de combustible.
- e) Saca selectiva de árbores mortas ou afectadas por pragas.
- f) Sinalización de pistas e infraestruturas de xestión.
- g) Mantemento de sistemas de auga para loita contra lumes.

3. Prioridade en contratación local:

a) Reserva obrigatoria: mínimo 70% dos traballos de prevención deberán ser executados por empresas ou cooperativas locais, preferentemente con sede na comarca ou no concello.

b) Flexibilización de requisitos para pequenas empresas locais: simplificación de tramitación administrativa, redución de requisitos de seguros ou garantías, e apoio técnico para a presentación de ofertas.

c) Creación de emprego rural fixo: prioridade a contratos indefinidos ou de longa duración, non a traballos esporádicos.

d) Conexión con programas de emprego rural: coordinación entre Consellería do Medio Rural e Consellería de Emprego para que os traballos en montes comunais poidan ser cofinanciados con fondos de emprego.

4. Simplificación administrativa:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

a) Creación dun procedemento simplificado para que comunidades de montes poidan solicitar financiamento: solicitude única, prazo de resposta máximo 30 días, e desembolso rápido.

b) Redución de carga burocrática en xustificación de gastos: aceptación de albaráns e facturas simples para traballos de prevención.

c) Asesoría técnica gratuíta a comunidades para deseño de traballos, estimación de custos, e presentación de solicitudes.

5. Integración con xestión ordenada:

a) Os traballos de prevención non serán illados, senón integrados nunha estratexia de ordenación forestal da comunidade.

b) Apoio técnico para que cada comunidade deseñe un "Plan de Prevención de Incendios" integrado no seu "Plan de Xestión Forestal".

c) Valorización económica dos traballos: madeira, biomasa, ou produtos forestais non madereiros xerados nos traballos de prevención poderán ser comercializados pola comunidade, incrementando a súa renda.

6. Gobernanza territorial:

a) Integración de comunidades de montes en plans comarcais de prevención: as comunidades non serán "actrices" pasivas, senón serán consultadas e participarán na deseño dos plans.

b) Creación de "grupos de prevención comarcais" integrados por: técnicos forestais, representantes de comunidades, concellos, e protección civil.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Coordinación entre concellos e comunidades: facilitando os traballos que beneficien tanto a montes privados como comunais en contexto de prevención comarcal.

7. Avaliación e seguimento:

a) Informe anual ao Parlamento sobre: hectáreas tratadas, emprego creado, investimento realizado, e resultados en termos de redución de risco de incendios.

b) Avaliacións de impacto: seguimento da efectividade dos traballos preventivos en redución de taxa de incendios.

c) Auditoría social: seguimento de que os traballos xeran emprego local estable e que as comunidades teñen capacidade real de decidir sobre as intervencións.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/01/2026 9:41:17

Secundino Fernández Fernández na data 15/01/2026 9:41:24

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 9:41:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:45:32
Nº Rexistro: 45578
Data envío: 15/01/2026 09:45:32.578

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 9:45:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:45:32
Nº Rexistro: 45578
Data envío: 15/01/2026 09:45:32.578

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

Na preparación do sistema educativo galego dos próximos anos, o desafío tecnolóxico e dixital desempeña un papel fundamental. A dixitalización no ensino constitúe un dos grandes retos do sistema educativo e foi sinalada pola Xunta de Galicia como unha prioridade estratéxica para a próxima década, ao favorecer, entre outros aspectos, o benestar e a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, un ámbito no que Galicia se sitúa á vangarda.

Na actualidade existe un debate social arredor do papel da tecnoloxía na educación e sobre a importancia de acadar un equilibrio axeitado que asegure a adquisición das competencias dixitais ao tempo que se promove uso adecuado, consciente e responsable das tecnoloxías, fomentando contornas seguras e hábitos saudables.

Neste marco inscríbese a elaboración da nova Lei de educación dixital de Galicia, un texto pioneiro que establecerá un marco normativo claro para regular estes aspectos, definindo os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

Como complemento a este desenvolvemento normativo, o Consello da Xunta acaba de aprobar o Plan Integral de Benestar Dixital, que se configura como a folla de ruta para a xestión axeitada da tecnoloxía no ámbito educativo.

O plan inclúe arredor de cincuenta medidas, estruturadas en cinco eixos de actuación, que se desenvolverán nos vindeiros cinco anos cun investimento de 7,4M€. O obxectivo principal do plan —elaborado da man de expertos da educación e da saúde— é blindar os centros educativos como contornas dixitais seguras e saudables, nas que a innovación avance da man da protección e da equidade, e se promova a corresponsabilidade e a coordinación entre a escola, as familias e as administracións públicas para fomentar un uso responsable da tecnoloxía dentro dun modelo de ensino híbrido sostible.





Entre as liñas de actuación destaca a posta en marcha dun Contrato de Vida Dixital, de carácter voluntario, que se artella como un compromiso entre o centro educativo e o alumnado, coa conformidade das familias. Este contrato ten como finalidade regular o uso das pantallas fóra do horario escolar, establecendo obrigas relativas aos tempos, horarios e usos dos dispositivos dixitais, así como mecanismos de seguimento para favorecer a responsabilidade e o compromiso do alumnado no seu uso.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar reforzando as medidas dirixidas a asegurar que os centros educativos sexan espazos dixitais seguros e saudables, protexendo os dereitos e os deberes de toda a comunidade educativa nesta materia e asegurando a adquisición das competencias dixitais do alumnado.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2026 11:17:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:18:35
Nº Rexistro: 45621
Data envío: 15/01/2026 11:18:35.387

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 11:18:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:18:35
Nº Rexistro: 45621
Data envío: 15/01/2026 11:18:35.387

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereas Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago constitúe un símbolo universal de espiritualidade, encontro entre culturas e dinamismo territorial. Ao longo dos últimos anos, Galicia consolidouse como referente internacional da peregrinación e do turismo cultural grazas á súa aposta constante pola posta en valor do Camiño e pola celebración dos anos santos xacobeos como acontecementos de especial proxección.

Tras o éxito do dobre Xacobeo 2021-2022, prorrogado pola pandemia, resulta esencial preparar con tempo e visión estratéxica o novo ciclo que se abrirá co Xacobeo 2027. Este “lustro Xacobeo” —que abranguerá do 2027 ao 2032, incluíndo dous anos santos no 2027 e no 2032— representa unha oportunidade histórica para fortalecer o papel do Camiño como eixe vertebrador da Marca Galicia e da Marca España.

Unha planificación a medio prazo permitiría diversificar a oferta, distribuír a demanda ao longo de varios anos, consolidar infraestruturas, promover eventos culturais de ámbito internacional e reforzar o posicionamento de Galicia nos mercados exteriores. Esta visión sostida no tempo é tamén clave para garantir que os beneficios do fenómeno xacobeo cheguen a todo o territorio, fomentando a cohesión social e o desenvolvemento económico local.

A Xunta de Galicia leva tempo traballando na promoción e conservación do Camiño, con investimentos significativos en sinalización, dixitalización, albergues e dinamización cultural. Mais para que este novo ciclo alcance a dimensión que merece, é imprescindible un maior compromiso do Goberno de España, tanto desde o punto de vista económico como organizativo e institucional.

Neste sentido, o Parlamento de Galicia debe instar á Xunta a demandar do Executivo estatal un apoio firme, estable e continuado ao longo de todo o lustro Xacobeo 2027–2032, asegurando así o éxito dun proxecto que transcende fronteiras e que debe ser asumido como unha prioridade de país.





Un dos primeiros pasos para este apoio foi a solicitude feita pola Xunta de Galicia co apoio unánime do Parlamento galego, da declaración do Xacobeo 2027 como AEIP (acontecemento de especial interese público), que despois de varios intentos e solicitude e da presión política do goberno e parlamento galegos, levouse a cabo o pasado ano 2025, para que as empresas interesadas no apoio a este evento podan desfrutar das exencións fiscais que regula o art.27 da Lei 49/2002.

Pero a mesma lei dispón que para que esta posibilidade sexa del todo efectiva, ten que constituírse un órgano xestor e certificador que aprobe os plans e programas de actividades poden ser susceptibles dos beneficios fiscais, e a emisión das certificacións ás empresas das actividades patrocinadas.

A día de hoxe, este órgano está sen constituír, polo que está a retrasar o interese e participación de moitas empresas que xa o fixeron en xacobeos anteriores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España un firme apoio económico ante o próximo “lustrro Xacobeo 27-32” co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva como reforzo turístico da Marca España e Marca Galicia.

Do mesmo xeito, solicitar do goberno central o impulso e axilización da constitución do órgano administrativo, xestor e certificador que, segundo a Lei 49/2002 debe estar operativo para certificar que os gastos e inversións das empresas se axusten aos obxectivos e plans dos programas.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2026 11:27:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:28:57
Nº Rexistro: 45623
Data envío: 15/01/2026 11:28:57,757

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 11:28:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:28:57
Nº Rexistro: 45623
Data envío: 15/01/2026 11:28:57,757

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:19:25
Nº Rexistro: 45627
Data envío: 15/01/2026 12:19:25.882

Asinado o día 15/01/26
12:17
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á falta de persoal médico nos centros de saúde e no hospital da comarca do Barbanza.

Asinado o día 15/01/2026 ás
12:17
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que a situación da sanidade pública na comarca do Barbanza se atopa nunhas condicións precarias que, a medida que foi pasando o tempo, se fan cada vez máis insostíbeis de cara a poder manter una mínimaa calidade asistencial e unha atención aos usuarios e usuarias dos centros de saúde e do hospital comarcal sen demoras.

Os problemas son máis que coñecidos polas autoridades sanitarias do noso país porque todos e cada un deles son consecuencia directa dos recortes levados a cabo polo propio Goberno galego nos servizos sanitarios públicos ao longo dos últimos anos, nomeadamente dende o 2020 da pandemia.

A falta de recursos humanos afecta, un por un, a todos os centros de saúde e aos consultorios periféricos, sen que en todo este tempo a Consellaría planificase e puxese medidas efectivas para cubrir as prazas do persoal que se xubila, que desfruta das súas vacacións, que está de baixa ou simplemente que solicita calquera dos permisos que recolle a lexislación vixente.

O agravamento da falta de persoal trouxo consecuencias non só para os médicos e médicas aos que se lles sobrecarga e incrementan indiscriminadamente os seus cupos,

Asinado o día 15/01/2026 ás
12:17
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

senón tamén para unha cidadanía que padece cada vez máis espera para poder ser atendida polo seu médico ou médica de familia.

A situación do centro de saúde de Ribeira, dos consultorios de Aguiño, Corrubedo ou Palmeira, a falta de ampliación de horario no PAC de Rianxo ou o recorte tamén de horario no PAC da Pobra, así como a eliminación dos consultorios de Taragoña e Cabo de Cruz foi denunciada pola cidadanía da comarca e por este Grupo Parlamentario en reiteradas ocasións sen que ata o momento as reclamacións foran atendidas.

Nin na Atención Primaria, nin tampouco na hospitalaria se están a atender as importantes deficiencias da sanidade pública no Barbanza. Así, as listas de agarda do hospital nalgúns especialidades xa non son cuestión de semanas nin de meses senón de anos. Unha situación inconcebíbel que repercute dun xeito absolutamente nefasto na saúde dos habitantes da comarca e da que non se albisca o seu fin.

Máis de 5.000 persoas xa fixeron patente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galiza no pasado mes de outubro e agora dispóñense a mobilizarse en Santiago o día 15 de xaneiro, insistindo na busca de solucións ás actuais condicións da sanidade pública nos seus centros de saúde e no hospital comarcal. A este respecto, solicitaron tamén unha entrevista co conselleiro de Sanidade para seren recibidas ese día, que non só non as vai recibir senón que nin sequera tivo a ben responderlles á súa petición, nunha mostra máis que se suma ao desinterese e ao desprezo que o responsábel máximo da Consellería vén mantendo con esta comarca.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cubrir de xeito estábel e inmediato o 100% das prazas de persoal facultativo nos centros de saúde de Ribeira, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Rianxo.

. Ampliar o horario de atención do PAC da Pobra do Caramiñal á situación previa ao verán de 2024. Isto é, repórter o horario de atención de luns a venres, de 15,00 a 22,00 h. e evitar así que os e as pacientes teñan que seguir acudindo ao PAC de Ribeira, xa de por si sobrecargado, eses días nese horario.

. Ampliar o horario do PAC do centro de saúde de Rianxo dende as 15,00 ata as 22,00 horas dos días laborábeis, co obxectivo de mellorar a organización do traballo do centro, non sobrecargar ao persoal médico da quenda de tarde e dispensar a atención sanitaria que os e as usuarias merecen.

. Dotar ao hospital comarcal dos especialistas necesarios, nomeadamente nas especialidades que manteñen máis lista de espera para a primeira e sucesivas consultas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/01/2026 12:17:36

Iria Carreira Pazos na data 15/01/2026 12:17:48

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2026 12:17:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:19:25
Nº Rexistro: 45627
Data envío: 15/01/2026 12:19:25.882

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 12:19:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:19:25
Nº Rexistro: 45627
Data envío: 15/01/2026 12:19:25.882

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás consecuencias sobre a frota artesanal galega da entrada en vigor, o pasado 10 de xaneiro, das normas do Regulamento de Control da Pesca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento de Control da Pesca da UE, identificado como Regulamento (UE) 2023/2842, foi aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2023, entrou oficialmente en vigor o 9 de xaneiro de 2024 e dende entón foise aplicando progresivamente.

Un Regulamento que foi fortemente cuestionado polo sector pesqueiro galego, especialmente pola frota de pesca artesanal, e que levou a mobilizacións e manifestacións en contra debido ás súas consecuencias negativas e á falta de adaptación ás características das distintas frotas pesqueiras. O seu rexeitamento tamén tivo reflexo no Parlamento galego coa aprobación unánime de distintas iniciativas, entre elas varias a proposta do Grupo Parlamentario do BNG.

Esta normativa é especialmente prexudicial para a frota artesanal, que leva moito tempo pedindo un trato específico dada a súa singularidade, as características da súa actividade, respectuosa co medio, e os beneficios que dela se derivan nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboacións costeiras onde contribúe á súa dinamización económica, á fixación de poboación e á xeración de emprego.

Porén, estas cualidades non se tiveron en conta á hora de aplicar unha normativa que peca de excesiva e desproporcionada, nun contexto no que xa rexe unha estrita ordenación, que acrecenta a burocracia, que implica esixencias materiais, como o diario electrónico, que supoñen un custo económico e que, en definitiva, dificulta a actividade pesqueira habitual e complica o traballo da frota de pesca artesanal.

A norma obriga a que todos os buques de máis de 18 metros, susceptibles de cometer incumprimentos, principalmente da obriga de desembarque, leven cámaras a bordo, sen definir cales son exactamente os “susceptíbeis de cometer incumprimentos” e estendendo a todos a incerteza.

Ademais, deixa ao arbitrio dos diferentes Estados poder ampliar a cobertura de cámaras a buques de menos de 18 metros. Xeraliza o diario electrónico incluso, despois de 2030, para os buques de menos de 9 metros, rango no que se atopa a maior parte da frota de baixura e artesanal galega.

Introduce, a partir de 2027, dispositivos de control de potencia dos motores dos buques, malia que a potencia dos motores non incrementa a capacidade de pesca, que xa está suxeita a TACs e cotas na inmensa maioría das pesqueiras.

Xeraliza o diario electrónico dende 2026 para a frota de máis de 12 metros d eslora e tamén para os buques de menos de 9 metros despois do 2030, rango no que se atopa a maior parte da frota de baixura e artesanal galega.

Modifica e uniformiza o réxime de infraccións e sancións, extremo este que xera enorme preocupación na frota ao considerar excesivas as infraccións catalogadas como graves e, sobre todo, pola incidencia directa das sancións á hora de recibir axudas durante 5 anos, mesmo con efectos retroactivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Regulamento foi obxecto de queixa por parte das Federacións de Confraría, que demandaron que se tivesen en conta as peculiaridades dos distintos territorios e as distintas artes que se empregan, así como o apoio para poder adaptarse ás novas esixencias. Mais non se tiveron en conta.

Após o pasado 10 de xaneiro, entran en vigor aspectos que afectan de cheo á frota artesanal galega, como a notificación previa de entrada a porto para barcos de 12 ou máis metros de eslora, que o Regulamento deixou nun mínimo de catro horas e que o Ministerio de Pesca está a propoñer reduci-lo a dúas horas e media. Unha medida que non se adapta á realidade da frota de baixura que faena pegada á costa, preto ao porto, con mareas breves e coa arte calada ate fases moi próximas ao amarre. Critican a decisión de marcar horarios ríxidos que nada teñen que ver coa actividade pesqueira artesanal.

Tamén entra en vigor a implantación do diario electrónico, que obriga aos barcos de máis de 12 metros de eslora a anotar todos os peixes que capturan, independentemente do seu peso, unha medida de difícil cumprimento en moitas embarcacións que carecen de sistema de pesada e dos medios precisos para pesar pequenas cantidades. Tal e como relatan os propios mariñeiros, os pesados a bordo son complicados e a esixencia de non poder pasarse nun 20% é difícil de cumprir.

Dende comezo de ano, o sector pesqueiro galego está a amosar o seu rexeitamento e malestar pola aplicación destas obrigas, protagonizando importantes concentracións e manifestacións de protesta en vilas costeiras das rías de Arousa e Pontevedra, entre outras, ademais de proceder ao amarre das frotas como acto de protesta polo novo Regulamento de Control de Pesca.

As distintas confraría deixan claro que normas como o diario electrónico resultan inasumíbeis para as frotas de baixura. A obriga de ter que facer oito comunicacións por xornada é unha carga burocrática que non poden asumir por lles





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

dificultar o normal desenvolvemento da actividade pesqueira. Igual que ter que declarar as capturas de cada especie, a súa posición exacta e o seu pesado exacto. Como tampouco resulta realista ter que comunicar cunha antelación mínima de dúas horas e media a chegada a porto, porque a maioría dos barcos de baixura faenan a media hora da costa e dependen das condicións meteorolóxicas. Consideran que se ditan normas feitas para grandes buques e que nada teñen a ver coa actividade que desenvolven as frotas artesanais.

Os despachos de Bruxelas e de Madrid deberían ter en conta as características e especificidades das frotas artesanais. Non se pode encher de burocracia a un sector pesqueiro de baixura, no que a tripulación a bordo é escasa e onde os propios patróns tamén son mariñeiros. Se pescan non poden dedicarse a atender diarios electrónicos, avisos de chegada a terra con dúas horas e media de antelación e pesados exactos.

Dado que o propio Regulamento prevé a posibilidade de adaptalo á realidade, o MAPA debe ser flexible na aplicación destas normas ás frotas artesanais e sobre todo, adoptar criterios realistas e axustados á singularidade do sector de baixura. Debe establecer diálogo coas distintas frotas artesanais, escoitalas e ter en conta as súas demandas.

Por outra banda, a administración galega ten competencias en augas interiores que debe exercer e, polo tanto, nese ámbito pode desenvolver plans de xestión para a frota artesanal que permitan a diversificación da actividade e a xestión dos recursos de xeito responsábel e sostíbel, ademais de poder destinar axudas para poñela en valor.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Exercer e defender as súas competencias exclusivas en augas interiores e as súas propias normas de control.

2. Reclamar do Goberno do Estado que negocie coa Comisión Europea:

2a. A exclusión da frota artesanal do Regulamento de Control da Pesca.

2b. Mentres iso non sexa unha realidade, a flexibilizar e adaptar as medidas do Regulamento que entraron en vigor o pasado 10 de xaneiro ás características da frota artesanal galega.

2c. A ditar de xeito inmediato unha moratoria na aplicación desas normas do Regulamento e acordar co sector a procura de solucións e medidas axustadas á actividade e á singularidade da frota artesanal, adoptando medidas realistas na liña de:

- Estudar a necesidade de establecer un sistema simplificado de pesado para as capturas de pouco volume, recuperando o sistema ata o de agora vixente, para que se pesen só as capturas que superen os 50 quilos.

- Reducir a carga burocrática derivada da aplicación do diario electrónico, que obriga a facer varias comunicación por xornada, dificultando o normal desenvolvemento da actividade pesqueira.

- Buscar unha alternativa realista e conforme ao tipo de pesca pegado á costa da frota artesanal, reducindo ou eliminando a obriga de ter que comunicar con dúas horas e media de antelación a chegada a porto.

3. A eliminación da retroactividade nas sancións, que impediría ter acceso ás axudas dos FEMPA.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. A inclusión na vindeira revisión da Política Pesqueira Común da UE a diferenciación clara entre pesca artesanal e pesca industrial, atendendo non só aos metros de eslora dos buques, senón tamén a criterios como a distancia ao caladoiro, a duración máxima das mareas, a utilización de artes de pesca sostíbeis ou o número máximo de tripulantes a bordo.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/01/2026 12:47:30

Carmela González Iglesias na data 15/01/2026 12:47:43

Daniel Castro García na data 15/01/2026 12:47:54

Óscar Insua Lema na data 15/01/2026 12:48:19

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2026 12:48:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:54:56
Nº Rexistro: 45637
Data envío: 15/01/2026 12:54:56.928

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:54:56
Nº Rexistro: 45637
Data envío: 15/01/2026 12:54:56.928

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 12:54:57

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 45652
Data envío: 15/01/2026 13:25:11.956

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:22
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ao plan galego para unha Transición Enerxética Xusta.

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:22
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética é unha realidade ineludible que Galiza debe asumir como oportunidade de transformación económica e social. Non obstante, a experiencia histórica demostra que sen regulación pública explícita, as condicións do mercado crean máis pobreza enerxética, máis desigualdades territoriais e máis desigualdades sociais.

Galiza ten dende hai máis de cincuenta anos un papel imposto de "provedora de enerxía" para o conxunto do Estado español. Este papel foi consecuencia de decisións políticas centralizadas que non tiveron en conta os intereses, demandas ou beneficios da sociedade galega. Polo contrario, soportamos innumerables **perdas territoriais**; froito da

Inundación de vales, despoboamento de zonas pola afección de infraestruturas e impactos ambientais irreversibles.

A isto hai que sumar unha **perda de recursos** endémicos, como foi no seu tempo a explotación desaforada do carbón autóctono e na actualidade acentuado pola deslocalización dos beneficios que chega a explotación eléctrica dos recursos galegos.

Non se podes deixar de lado as **perdas sociais** que este papel de terra de sacrificio leva consigo, acentuado por unha tarifa eléctrica discriminatoria, que non ten en conta o papel protagonista que Galiza xoga neste campo, permitindo a enorme inxustiza que

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:22
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

representa a pobreza enerxética, diante dun reparto de dividendos por parte das empresas explotadoras, que a miúdo raian no obsceno.

Xunguido a todo isto van as **perdas económicas** cunha cadea de valor inexistente, e un tecido empresarial con sede fora do noso país.

Aínda así, o desenvolvemento da Transición Enerxética, tal e como está planificada actualmente, supón un incremento nas desigualdades sociais. Pretender electrificar os consumos enerxéticos obriga a moitos cambios nos ámbitos industriais, mais tamén nos domésticos e na mobilidade; e as economías das clases traballadoras non teñen capacidade para adaptarse a estes cambios.

Aínda máis, até de agora, a política de subvencións públicas para a instalación de renovábeis no ámbito doméstico, a compra de vehículos eléctricos, os puntos de recarga eléctrica de uso particular, etc., ao non facerse baixo ningún criterio de renda (algo que xa está en cuestión en varios países da UE), son en realidade unha transferencia económica, vía impostos, das clases máis precarizadas ás economías máis solventes.

Pero non é só un problema de subvencións regresivas, xa que a socialización dos cambios en materia enerxética, polo seus custes económicos e tamén pola súa complexidade técnica, non vai chegar igual e no mesmo tempo a toda a sociedade, haberá exclusión por motivos económicos.

No caso concreto de Galiza que, entre outras cousas, caracterízase pola súa dispersión poboacional, cun falla de transporte colectivo que sexa realmente efectivo, cun parque móbil onde domina o diésel, é impensábel que se poida electrificar todo este transporte nun tempo razoábel, e moito menos nos prazos fixados nos documentos dunha pretendida planificación, tanto por cuestións económicas ligadas ao alto custe de vehículos e cargadores, mais tamén por cuestións técnicas, ao requirir dunha ampla potenciación das liñas de distribución.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Só no rural e na contorna das grandes vilas vai pasar algo semellante, aínda que, como diferenza, na última poderán ter un transporte colectivo máis efectivo; a obriga de definir ZBE (Zonas de Baixas Emisións) nas grandes vilas, impedirá a entrada de vehículos máis contaminantes e, deste xeito, vaise dar un paradoxo: as clases traballadoras que, polo alto prezo da vivenda, acabaron comprando nas vilas próximas ás grandes cidades, agora poden ter limitado o acceso a esas cidades nos seus coches particulares.

Pero as exclusións non se van limitar ao transporte, tamén no ámbito residencial con requirimentos de substitución de caldeiras de gas, na implantación de medidas de eficiencia enerxética baixo a penalización de pagar máis vía impostos, na obrigatoriedade dunha determinada cualificación enerxética certificada para a compra ou o aluguer, etc.

Á vista desta situación, faise preciso impulsar medidas no ámbito político para evitar estas desigualdades, e de non ser así, un efecto negativo na percepción social da transición enerxética.

Compre, pois, de xeito urxente, ben planificado e dirixido, definir, elaborar e implantar un PLAN SOCIAL de información, sensibilización, capacitación, e recualificación, que posibilite a participación activa, consciente e crítica, individual e colectiva, na Transición Enerxética, executado no ámbito regrado dende niveis baixos do ensino até os universitarios, e, no plano non formal, mediante unha rede xeneralizada en todos os concellos de instrumentos públicos que acheguen formación e información á cidadanía.

Tamén se deben contemplar instrumentos e mecanismos de equidade social, como por exemplo o dividendo social do CO₂, para neutralizar os efectos negativos e non progresivos, que a transición enerxética está a introducir, e que afectan sobre de todo ás persoas de menor renda e máis precarizadas, empobrecendo ás clases traballadoras e aumentando as xa amplas diferenzas sociais.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a Elaborar o Plan Galego para unha Transición Enerxética Xusta, que conteña, canto menos, medidas como:

1- Creación dunha rede pública de información á cidadanía sobre o que ten que ver coa transición enerxética e as novas formas de uso e consumo da enerxía.

2- Fomento do autoconsumo compartido e as comunidades enerxéticas de base cidadá.

3- Deseño de incentivos orientados tanto ás obrigas impostas pola transición enerxética, como ás novas necesidades que esta impón, baseados en niveis de renda, co obxectivo de acelerar a transición enerxética nas capas sociais con menor poder adquisitivo.

4- Programa de capacitación e reciclaxe profesional para aquelas familias profesionais afectadas pola transición enerxética.

5- Posta en marcha do “Dividendo Social do CO2” cunha discriminación positiva cara o rural.

6- Introducción no ensino galego a visión da transición enerxética, abordando as necesidades e consecuencias, incluso coa creación de ciclos de formación en materias específicas da transición enerxética e mesmo a creación dun mestrado específico.

7- Creación da estratexia galega de loita contra a pobreza enerxética”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/01/2026 13:22:44

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2026 13:22:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2026 13:22:59

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2026 13:23:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 45652
Data envío: 15/01/2026 13:25:11.956

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:25:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 45652
Data envío: 15/01/2026 13:25:11.956

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

O Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Sanxenxo, dependente do concello de Sanxenxo, presta servizo aos concellos de Sanxenxo, O Grove, Meaño e Poio, desempeñando un papel esencial na atención de emerxencias e na seguridade da cidadanía dunha ampla área xeográfica, cunha importante poboación residente e flotante ao longo de todo o ano.

No ano 2024 asinouse o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, con vixencia desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027. Este convenio ten como obxectivo regular o funcionamento dos GES como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, co fin de completar o mapa de emerxencias de Galicia.

No caso do GES de Sanxenxo, o custo anual do servizo ascende a 320.000 euros, financiados pola Deputación de Pontevedra (128.000 €), o Concello de Sanxenxo (24.000 €) e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (152.250 €) e da Dirección Xeral de Administración Local (15.750 €).



Porén, dende hai tempo veñen detectándose irregularidades no funcionamento do GES de Sanxenxo e nas condicións nas que os seus efectivos prestan o servizo, situacións que foron denunciadas reiteradamente polos propios traballadores sen que o goberno municipal adoptase medidas correctoras.

Recentemente, os efectivos do GES recibiron o calendario de quendas de traballo correspondente ao ano 2026, no que se establece que, agás durante a tempada estival e determinadas datas sinaladas, o parque permanecerá operativo unicamente durante 16 horas ao día, permanecendo pechado durante a noite a maior parte do ano.

Esta decisión supón un incumprimento claro da CLÁUSULA OITAVA do convenio, que establece, dentro dos compromisos das partes, que os concellos sede deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, advertindo expresamente de que a non resposta continuada ás chamadas de emerxencia dará lugar á non percepción da axuda, salvo causa xustificada e logo de audiencia ao concello implicado.

Así mesmo, o convenio crea unha Comisión Mixta de seguimento e coordinación, entre cuxas funcións se atopa velar polo cumprimento do convenio, propoñer medidas para garantir o exercicio coordinado das competencias das partes asinantes e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa aplicación.

Cómpre lembrar tamén que, segundo a CLÁUSULA OITAVA, os concellos deben acreditar a prestación do servizo mediante informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES para poder percibir as achegas económicas; e que, conforme á CLÁUSULA DÉCIMA, están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e polo Consello de Contas da Comunidade Autónoma no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



O incumprimento destas obrigas pode dar lugar, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e/ou á perda do dereito ao cobro das contías pendentes.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias de control e seguimento, garantindo que o GES de Sanxenxo preste un servizo permanente e acorde coas obrigas asumidas no convenio, en defensa da seguridade da cidadanía e dos dereitos dos profesionais do servizo.

Ante esta situación faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Requirir formalmente ao Concello de Sanxenxo para que xustifique a decisión de establecer un servizo do GES limitado a 16 horas diarias durante a maior parte do ano, explicando de que maneira garante a atención permanente ás chamadas de emerxencia, tal e como establece a CLÁUSULA OITAVA do convenio vixente.
2. Apercibir ao Concello de Sanxenxo da posibilidade de que perda de forma total ou parcial das achegas económicas da Xunta de Galicia e doutras administracións sen antes do convenio, no caso de confirmarse o incumprimento das obrigas recollidas no mesmo.
3. Dirixirse ao Concello de Sanxenxo para que rectifique esta decisión e garanta a prestación dun servizo permanente de atención ás emerxencias durante as 24 horas do día ao longo de todo o ano.



4. Activar a Comisión Mixta de seguimento do convenio, co obxectivo de analizar a situación do GES de Sanxenxo, velar polo cumprimento do convenio e adoptar as medidas necesarias para asegurar a correcta prestación do servizo.

5. Esixir ao Concello de Sanxenxo que facilite toda a información e documentación que lle sexa requirida pola intervención Xeral da Comunidade Autónoma e polo Consello de Contas de Galicia, en cumprimento das obrigas establecidas na CLÁUSULA DÉCIMA do convenio.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/01/2026 13:25:02

Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 13:25:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 13:25:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:12
Nº Rexistro: 45658
Data envío: 15/01/2026 13:27:12.942

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:27:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:12
Nº Rexistro: 45658
Data envío: 15/01/2026 13:27:12.942

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre os datos de vítimas mortais de accidentes de tráfico nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos provisionais de vítimas mortais de accidentes de tráfico nas 24 h posteriores ao sinistro correspondentes a vías interurbanas no ano 2025 son moi preocupantes porque é a cifra máis alta dos últimos 7 anos, tal como se recolle no seguinte gráfico

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	39	25	34	43	26	38	39
Lugo	17	12	10	17	16	16	26
Ourense	8	9	8	12	22	14	11
Pontevedra	24	24	25	18	24	22	20
Galicia	88	70	77	90	88	90	96

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 112 en 2023 (88 na estatística da DGT de mortes durante as 24 h e en vías interurbanas),





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

123 en 2022 (frente ás 90 da estatística da DGT), 113 en 2021 (frente ás 77 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (frente ás 88 da DGT).

Nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis (peóns, motociclistas e ciclistas). Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

No pasado ano 2025 rematou a vixencia do Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2022-2025, polo que é necesario facer unha avaliación xeral e un informe sobre os obxectivos fixados (xerais e parciais), nomeadamente o denominado obxectivo 25-25-25.

-Redución do 25% do número de persoas falecidas e feridas graves nas vías interurbanas no período 2022-2025 a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves vulnerábeis no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves nun 25% nas travesías no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a

1. Presentar no prazo de tres meses un informe de avaliación sobre o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan de Seguridade 2022-2025.

2. Desenvolver un Plan de Choque que teña como obxectivo reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico que inclúa entre outras medidas:

-A coordinación efectiva e continuada -mediante un grupo de traballo específico das administracións e dos departamentos con competencias na materia e un plan e acción conxunta para reducir a sinistralidade viaria.

-A creación dun órgano de participación social en materia de seguridade viaria.

-Unha auditoría de seguridade viaria das estradas e itinerarios con maior sinistralidade.

-Medidas de protección de persoas usuarias máis vulnerábeis.

-Medidas de vixilancia, control e corrección das condutas de risco.

-Medidas en relación coas novas formas de mobilidade.

-Actuacións en relación coa mobilidade e o risco no ámbito laboral e do transporte.

-Medidas de formación, información e sensibilización sobre a violencia viaria e as súas consecuencias, para evitar a súa naturalización e normalización.

-Introdución do concepto de “violencia viaria” no discurso e na planificación en materia de seguridade viaria.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Apoiar a demanda de transferencia a Galiza das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria..”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 13:48:44

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2026 13:48:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47,085

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47,085

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:50:48

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a protección, promoción e posta en valor da arte rupestre do concello de Cerdedo Cotobade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Cerdedo-Cotobade conta con unha extraordinaria mostra de patrimonio arqueolóxico de arte rupestre repartido por todas as parroquias do termo municipal.

As principais estacións de arte rupestre situadas en Cerdedo Cotobade son as seguintes

- Estación Outeiro Lombo da Costa: laxe das Rodas e Laxe dos Cucos.
- Estación de Fentáns: Pedra das Ferraduras, Laxe do Cebros, Couto do Rapadoiro.
- Estación de Viascón: Laxe do Lombo da Costa e Laxe das Coutadas.
- Estación Porteliña da Corte, Aguasantas.
- Estación Petroglifos de Pedre.
- Estación Petroglifos Portoal de Valongo.
- Estación Petróglifos de Cerdedo.

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:49
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:49
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Estación Petróglifos de Figueroa.
- Estación Petróglifos de Quireza.
- Estación Petróglifos de Tomonde.
- Estación Petróglifos das Abeleiras de Lourido.
- Estación da Cruz do Castro, de Carballado.
- Estación do Castro da Cividá, de San Xurxo.
- Estación do Castro de Aguasantas.

A protección, conservación, promoción e posta en valor dun patrimonio arqueolóxico tan amplo e rico sobarda a capacidade de xestión dun concello, polo que a administración autonómica debería desenvolver plans territoriais de actuación para a posta en valor deste recurso cultural, con vistas ao seu aproveitamento social, educativo e turístico.

No caso de Cerdedo Cotobade, un proxecto destas características debe inserirse nun plan de actuación territorial arredor da marca Arte Rupestre do Val do Lárez e da ría de Pontevedra, incluíndo actuacións nos concellos de Cerdedo Cotobade, Campo Lameiro, Ponte Caldelas, Poio, Pontevedra e Marín.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a deseñar un plan de posta en valor da arte rupestre do concello de Cerdedo Cotobade que contemple, entre outras, as seguintes medidas:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-de xestión paisaxística e da vexetación, co obxecto de facilitar o acceso e a visualización e previr incendios;

-de delimitación dos perímetros das estacións e instalación de elementos informativos;

-de conservación, protección e identificación;

-de dinamización, socialización e promoción como recurso identitario, turístico ou educativo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 13:49:00

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2026 13:49:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:52:11
Nº Rexistro: 45691
Data envío: 15/01/2026 13:52:11.957

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:52:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:52:11
Nº Rexistro: 45691
Data envío: 15/01/2026 13:52:11.957

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45717
Data envío: 15/01/2026 14:05:10.298

Asinado o día 15/01/2026 ás 14:00
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

Galicia é unha das rexións marítimas máis relevantes de Europa, cunha estreita relación histórica, económica, social e cultural co mar. A pesca, a acuicultura, a transformación de produtos do mar, os portos, a investigación mariña, o turismo costeiro e, cada vez máis, a economía azul sostible, constitúen sectores estratéxicos para o desenvolvemento do país.

Neste contexto, a Comisión Europea vén de abrir a convocatoria para a presentación de eventos no marco do “Día Marítimo Europeo no Meu País 2026”, que se desenvolverá entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2026, cun prazo límite para a presentación de propostas fixado no 10 de marzo de 2026. Trátase dunha iniciativa descentralizada do Día Marítimo Europeo que ten como obxectivo achegar á cidadanía, especialmente á xente nova, a importancia do océano, da economía azul e das actividades marítimas desde unha perspectiva sostible, innovadora e participativa.

Este programa está aberto á participación das administracións públicas, do sector privado, das organizacións non gobernamentais, das universidades, centros de investigación e outros axentes sociais, permitindo organizar eventos presenciais, virtuais ou híbridos relacionados coa economía azul, as comunidades costeiras, a pesca e a acuicultura sostibles, as enerxías renovables mariñas, a investigación, o turismo costeiro, a cultura oceánica ou a protección do medio mariño.

Asinado o día 15/01/2026 ás 14:00
Por Carlos López Font

Asinado o día 15/01/2026 ás 14:00
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161973

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45717
Data envío: 15/01/2026 14:05:10.298

Galicia conta cun ecosistema único para liderar este tipo de iniciativas: unha ampla rede de portos e comunidades costeiras, un potente tecido investigador e universitario, un sector pesqueiro e marisqueiro de referencia europea e unha sociedade civil cada vez máis implicada na defensa do océano e na transición cara a modelos sostibles.

Porén, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un papel activo, tanto participando directamente como facilitando e coordinando a implicación dos distintos axentes galegos, para non perder unha oportunidade estratéxica de visibilizar o potencial marítimo de Galicia en Europa, atraer atención institucional e reforzar a cultura oceánica entre a cidadanía.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a participar activamente no programa “Día Marítimo Europeo no Meu País 2026”, coas actuacións seguintes:

1. Promover a organización de eventos en Galicia e impulsando a presentación coordinada de propostas por parte de administracións públicas, sector pesqueiro e marítimo, empresas, ONG, universidades e centros de investigación.
2. Facilitar apoio técnico, informativo e de coordinación para garantir unha ampla participación galega, difundindo a convocatoria, asesorando sobre os requisitos e prazos, e favorecendo a implicación da mocidade, do ámbito educativo e investigador e das comunidades costeiras.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

161974

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45717
Data envío: 15/01/2026 14:05:10.298

3. Aproveitar esta iniciativa europea para reforzar a proxección de Galicia, poñendo en valor o seu papel como referente en pesca sostible, economía azul e investigación mariña, e fortalecendo o diálogo e a interlocución directa coas institucións europeas en materia de pesca e océanos.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161975

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 14:00:27

Carlos López Font na data 15/01/2026 14:00:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 14:00:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45717
Data envío: 15/01/2026 14:05:10.298

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:05:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45717
Data envío: 15/01/2026 14:05:10.298

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a senda peonil e ciclista entre o Milladoiro e a Estación Intermodal Daniel Castelao de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de xaneiro de 2026 a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas remitiu resposta a unha pregunta escrita rexistrada o 13 de novembro de 2025 sobre a senda ciclista e peonil entre o Milladoiro e a Estación Intermodal Daniel Castelao de Santiago de Compostela, ou *Eixo de mobilidade sostible Milladoiro-Santiago*, ao seu paso polo Banquete de Conxo. Porén, a resposta escrita que se fixo chegar non contesta a ningunha das preguntas que se lle formularon á Consellería na pregunta rexistrada no mes de novembro.

As obras que tiña previsto executar a Xunta de Galiza afectaban o conxunto do Mosteiro de Conxo, un BIC que está incluído na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO. Finalmente, e tras unha resolución desfavorable da propia Xunta de Galiza, neste caso da Dirección Xeral de Patrimonio de maio de 2025, o Goberno galego decidiu “suspender” ese tramo da senda.

Para alén de que o a proposta fose informada desfavorablemente en informes técnicos da propia administración impulsora do proxecto, a decisión de deixar en suspenso un tramo do trazado tivo consecuencias aínda palpables 6 meses despois, debido ao avance dos traballos no terreo que foran acometidos antes de tomar esta decisión. Tras





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

o anuncio da suspensión dese tramo, anunciouse que os fondos sobrantes resultantes da modificación do proxecto se destinarían a outros proxectos realizados noutros concellos.

O punto 10.4 das cláusulas administrativas que rexeron a contratación desta actuación establece que “as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituírse a súa situación inicial antes da recepción destas”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Facer públicas as modificacións do proxecto da senda ciclista e peonil entre o Milladoiro e a Estación Intermodal Daniel Castelao de Santiago de Compostela indicando en que medida se alterou o orzamento das actuacións previstas.
- Publicar o destino do orzamento sobranse dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia como resultado da suspensión deste tramo a outros proxectos, como se anunciou que se faría tras a modificación do tramo do bosque do Banquete de Conxo.
- Restituír de maneira inmediata a situación orixinal das zonas nas que se actuou na contorna do bosque do Banquete de Conxo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 15/01/2026 14:15:22

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2026 14:15:28

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 14:15:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45744
Data envío: 15/01/2026 14:16:13.021

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45744
Data envío: 15/01/2026 14:16:13.021

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:16:13

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á falta de previsión e anticipación do goberno galego na xestión das urxencias hospitalarias no CHUO e a á falta dun plan de continxencia ante o peche de camas do materno.

Exposición de motivos

A Xunta de Galiza pretende normalizar en todo o país a saturación das urxencias hospitalarias, como está a demostrar no período de Nadal e comezos de xaneiro a falta de anticipación e actuación ante o colapso dos servizos hospitalarios de urxencias e o deterioro da atención sanitaria no seu conxunto. Esta situación estase a dar tamén no Complexo Hospitalario de Ourense, que arrastra desde hai anos a saturación recorrente do servizos de urxencias, denunciado pola propia Comisión de Centros, o Colexio de Médicos e as e os profesionais do servizo a través de escritos e mobilizacións e que non se dá exclusivamente coa concorrencia de afeccións estacionais.

Máis aínda, nestes momentos o Complexo vive unha situación de absoluto caos e colapso agravado pola falta de camas operativas, toda vez que a clausura dos servizos no Edificio Materno Infantil, que sufriu o terceiro derrube coñecido no mes de marzo de 2025 cunha enorme reacción social que obrigou á Xunta a actuar, supuxo tamén eliminación de camas. Unha eliminación que hai que dicir que é programada e consciente, pois non se acompañou de alternativa nin de plan de continxencia.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, en plena crise, escoitamos ao Xerente da Área recoñecer publicamente o colapso e falta de 80 camas e aducir publicamente, a este responsable e ao conselleiro, futuribles plans de continxencia.

Esta é unha situación intolerable e que require de explicacións e asunción de responsabilidades políticas. É unha irresponsabilidade clausurar camas sen alternativa sabendo perfectamente da recorrencia do colapso de urxencias, sabendo perfectamente da condición de poboación avellentada e pluripatolóxica especialmente sensible ás afeccións estacionais do inverno e sabendo perfectamente que malia as promesas da Xunta non existe o novo edificio de hospitalización que tiña que terse rematado e aberto no ano 2025.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir ao Parlamento Galego e á comisión de centro un informe sobre a evolución de camas dispoñibles por edificio no Complexo Hospitalario de Ourense nos últimos 10 anos así como a remitir a información correspondente ao plan ou plans de continxencia elaborados no ano 2025 e 2026 ante a saturación de urxencias e a escaseza de camas dispoñíbeis.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2026 14:19:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/01/2026 14:20:19

Iria Carreira Pazos na data 15/01/2026 14:20:49

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2026 14:21:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45762
Data envío: 15/01/2026 14:22:00.851

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:22:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45762
Data envío: 15/01/2026 14:22:00.851

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45841
Data envío: 15/01/2026 16:15:02.795

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:12
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Lara Méndez López, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Viveiro e a comarca da Mariña levan décadas reclamando unha solución real, eficaz e estrutural aos graves problemas de mobilidade e comunicacións que padecen. Durante anos, a propia Xunta de Galicia defendeu e impuxo o proxecto da Vía de Alta Capacidade VAC-Norte, unha infraestrutura estratéxica chamada a mellorar a seguridade viaria, a fluidez do tráfico e a competitividade económica dun territorio clave do norte de Galicia.

Esta vía de alta capacidade foi incluída no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Viveiro por imposición da Xunta, condicionando durante máis dunha década o desenvolvemento urbanístico e territorial do municipio. O Concello de Viveiro, así como o conxunto da Corporación municipal, aceptaron esa esixencia coa finalidade de poder avanzar na tramitación do PXOM, confiando en que a infraestrutura comprometida acabaría executándose.

Porén, o anuncio realizado recentemente polo presidente da Xunta de Galicia en Viveiro supón un cambio radical e moi preocupante de criterio. O Goberno galego renuncia de facto á VAC-Norte e substitúe ese proxecto por unha simple variante de estrada convencional, cun investimento moi inferior e cun alcance claramente limitado. O que se presenta como alternativa non responde nin ás necesidades reais de mobilidade nin aos problemas estruturais de tráfico que

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:12
Por Carlos López Font

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:11
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161986

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45841
Data envío: 15/01/2026 16:15:02.795

sofre Viveiro, especialmente nos accesos ao casco urbano e na conexión coa rede viaria principal.

Esta decisión supón unha rebaixa inaceptable das aspiracións e dereitos da veciñanza de Viveiro, que ve como se lle nega unha infraestrutura da que gozan outras comarcas galegas. Ademais, a solución proposta non só non resolve os problemas actuais, senón que corre o risco de quedar obsoleta a curto prazo, ao tratarse de estradas convencionais que non absorben o volume de tráfico existente nin o previsto no futuro.

Resulta especialmente grave que, tras anos de bloqueo e esixencias ao Concello, a Xunta pretenda agora pechar definitivamente a porta a unha vía de alta capacidade, sen diálogo real, sen avaliación comparativa das alternativas e sen ter en conta o impacto desta renuncia no PXOM e no desenvolvemento económico e social de Viveiro e da Mariña.

Por todo o exposto, considérase necesario que o Parlamento de Galicia inste á Xunta a rectificar, recuperar unha visión ambiciosa e apostar por unha infraestrutura acorde ás necesidades do territorio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Retomar o proxecto da Vía de Alta Capacidade VAC-Norte de Viveiro, como infraestrutura estratéxica para a mellora da mobilidade, da seguridade viaria e do desenvolvemento económico da Mariña.
2. Actualizar os estudos técnicos, ambientais e económicos necesarios para garantir a viabilidade da VAC-Norte, adaptándoos ás condicións

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161987

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45841
Data envío: 15/01/2026 16:15:02.795

actuais pero mantendo un nivel de ambición acorde ás necesidades do territorio.

3. Avaliar o impacto da renuncia á VAC no PXOM de Viveiro, adoptando as medidas necesarias para evitar prexuízos urbanísticos e administrativos derivados das decisións impostas pola propia Xunta durante anos.

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

161988

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 15/01/2026 16:11:37

Carlos López Font na data 15/01/2026 16:12:04

Aitor Bouza Manso na data 15/01/2026 16:12:15

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 16:12:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45841
Data envío: 15/01/2026 16:15:02.795

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:15:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45841
Data envío: 15/01/2026 16:15:02.795

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:43
Nº Rexistro: 45848
Data envío: 15/01/2026 16:37:43,352

Asinado o día 15/01/26
16:36
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acordo comercial entre a Unión Europea e os países integrantes de Mercosur configura un novo marco de relacións comerciais internacionais que afecta de maneira directa ao sector agroalimentario europeo. Trátase dun acordo xa aprobado polo Consello da Unión Europea e pendente da súa ratificación definitiva polo Parlamento Europeo, que terá efectos xurídicos e económicos unha vez entre en vigor.

A aplicación deste acordo suscita preocupacións fundadas en distintos sectores produtivos, especialmente na gandería, debido ás diferenzas existentes nos estándares de produción, sanitarios, ambientais e de benestar animal entre a Unión Europea e os países de Mercosur. Ao mesmo tempo, o impacto real do acordo non dependerá unicamente do seu contido formal, senón, en gran medida, da forma en que sexa aplicado, xestionado e controlado polas institucións competentes a nivel europeo, estatal e autonómico.

Os datos oficiais da Comisión Europea indican que os continxentes de importación con arancel reducido previstos para produtos cárnicos representan unha porcentaxe limitada da produción total comunitaria. Non obstante, unha xestión inadecuada destes continxentes, a súa concentración temporal ou en determinados operadores, ou a ausencia de mecanismos de control e corrección eficaces, pode xerar distorsións no mercado, especialmente nos

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:35
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:35
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

161991

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:43
Nº Rexistro: 45848
Data envío: 15/01/2026 16:37:43,352

sectores máis sensibles, con impacto directo sobre a renda das explotacións gandeiras.

No caso de Galicia, estas preocupacións vense reforzadas pola elevada dependencia exterior en materias primas para a alimentación animal e polo peso económico, social e territorial do sector primario galego. A gandería e a industria agroalimentaria constitúen un piar fundamental do medio rural, da cohesión territorial e da economía galega, polo que resulta imprescindible anticipar e minimizar calquera risco que poida afectar á súa viabilidade.

A Política Agraria Común e a Organización Común de Mercados dispoñen de instrumentos específicos para facer fronte a perturbacións graves dos mercados agrarios, así como de ferramentas orientadas á protección da renda das persoas produtoras. Así mesmo, a normativa europea contempla cláusulas de salvagarda e medidas correctoras que deben ser activadas de maneira áxil e efectiva cando se detecten desequilibrios significativos.

Neste contexto, resulta necesario que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, adopte unha posición activa e coordinada coas restantes administracións, orientada a garantir unha aplicación responsable do acordo UE–Mercosur, a protección do sector primario galego e o reforzo do mercado interno, especialmente a través da posta en valor da produción galega baseada na calidade, na trazabilidade e na sustentabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender activamente unha aplicación responsable do acordo UE–Mercosur, que teña en conta a singularidade e a sensibilidade do sector

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

161992

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:43
Nº Rexistro: 45848
Data envío: 15/01/2026 16:37:43,352

- primario galego. Cunha xestión estrita, transparente e equilibrada dos continxentes de importación, para evitar distorsións nos prezos.
2. Instar á activación áxil das cláusulas de salvagarda e dos instrumentos previstos na Política Agraria Común e na Organización Común de Mercados, no caso de que se detecten perturbacións graves ou riscos acreditados para os sectores máis sensibles.
 3. Impulsar medidas de reforzo da demanda interna da produción galega, mediante políticas de promoción, apoio ás figuras de calidade diferenciada, mellora da información ao consumidor sobre a orixe dos produtos e integración da produción galega nas compras públicas alimentarias, dentro do marco legal vixente.
 4. Desenvolver medidas de acompañamento específicas para o sector primario galego, orientadas á estabilización dos mercados, ao apoio á renda das explotacións en situacións de crise e ao reforzo da posición negociadora das persoas produtoras na cadea alimentaria.
 5. Apostar por unha estratexia de fortalecemento da base produtiva agraria galega, incluíndo o incremento da superficie agraria útil e a mellora da autonomía alimentaria, como elementos clave para reducir a vulnerabilidade fronte a escenarios internacionais de incerteza.

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

161993

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 15/01/2026 16:35:52

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2026 16:35:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 16:36:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:43
Nº Rexistro: 45848
Data envío: 15/01/2026 16:37:43,352

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:43
Nº Rexistro: 45848
Data envío: 15/01/2026 16:37:43,352

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:37:44

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:49:40
Nº Rexistro: 45857
Data envío: 15/01/2026 16:49:40,532

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:46
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

O Complexo hospitalario de Ourense debería ser un espazo de coidado para a cidadanía. Porén, para moitas pacientes, profesionais e acompañantes, ese sentimento foise transformando nos últimos anos en preocupación, incerteza e medo.

Ourense conta cun complexo hospitalario formado por edificios de distintas épocas, con décadas de diferenza entre eles, nos que o paso do tempo non foi acompañado do mantemento, da planificación nin dos investimentos necesarios. No Hospital Materno-Infantil, onde se atende a poboación máis vulnerable —mulleres embarazadas, bebés e crianzas— producíronse tres derrubamentos do falso teito. O primeiro, en decembro de 2023, nunha zona asistencial con pacientes. Os seguintes, en marzo e xullo de 2025. Tres avisos claros de que algo non estaba ben. Tres ocasións nas que, por sorte, non houbo que lamentar danos persoais. Feitos denunciados no seu momento por este grupo parlamentario.

O pasado 12 de Xaneiro, a cidadanía asistiu a un novo episodio no edificio Cristal do CHUO. Un rebentón dunha tubaxe no servizo de cardioloXía provocou filtracións de auga a varias plantas, cortes de subministración e escenas de sorpresa e preocupación entre pacientes, profesionais e acompañantes.

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:45
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 15/01/2026 ás 16:44
Por Carmen Rodríguez Dacosta



Persoas que acudían ao hospital para coidar da súa saúde víronse, unha vez máis, expostas a unha situación que nunca debería producirse nun centro sanitario público.

A resposta oficial insistiu na rapidez da reparación e no retorno á normalidade. Mais para quen estaba alí, para quen traballa cada día neses espazos ou para quen agarda unha proba, unha consulta ou un diagnóstico, a normalidade non pode ser convivir co risco.

A acumulación destes feitos revela algo máis fondo: unha falta de prevención, de planificación e de coidado das infraestruturas públicas, responsabilidade directa da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde.

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha de inmediato unha avaliación integral, independente e pública do estado estrutural e funcional de todos os edificios do Hospital Universitario de Ourense.
2. Garantir que ningunha persoa —paciente, profesional ou acompañante— teña que ser atendida ou traballar en espazos nos que exista risco para a súa integridade física.
3. Poñer en funcionamento as novas infraestruturas hospitalarias, evitando prolongar unha situación que xera inseguridade á poboación de Ourense.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2026 16:44:35

Elena Espinosa Mangana na data 15/01/2026 16:45:34

Silvia Longueira Castro na data 15/01/2026 16:46:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 16:47:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:49:40
Nº Rexistro: 45857
Data envío: 15/01/2026 16:49:40,532

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:49:40
Nº Rexistro: 45857
Data envío: 15/01/2026 16:49:40.532

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:49:41

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre as previsións económicas para o ano 2026 e as debilidades sinaladas polo último informe do Foro Económico de Galiza publicado en xaneiro de 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecemos a presentación pública dos datos do Informe de Conxuntura Socioeconómica IV/2025 que elabora no noso país o Foro Económico que resumidamente sinala como aínda que a economía galega mantén dinamismo en comparación coa media europea e a dos países da zona euro, persiste unha certa ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica, o que vai na liña doutros indicadores e da redución de expectativas que facía a propia Xunta de Galiza ao rebaixar a previsión de medre da inicialmente contemplada no teito de gasto á finalmente aprobada cos orzamentos do presente ano.

Entre outros datos podemos sinalar o PIB galego medrou no terceiro trimestre un 0,5%, fronte ao 0,6% de España e o 0,4% da media europea e que en termos interanuais, o PIB medra no noso país un 2,2%, seis décimas por debaixo media estatal (2,8%). Entre as debilidades que persisten na análise da evolución macroeconómica chama negativamente a atención que se manteña unha contracción no sector primario, desta volta no 0.4%, a persistencia na taxa de avellentamento por riba da media europea e a baixa natalidade.

Máis aínda neste contexto hai que ter en conta a forte situación convulsa da realidade xeopolítica internacional, agravada nas primeiras semanas do ano, así como o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

novo reponte de prezos, singularmente en ámbitos como a alimentación, onde a persistencia no incremento supón xa un enorme problema para milleiros de galegos e galegas.

É preciso que o goberno galego faga seguimento destes datos e avalíe as necesidades de reorientación orzamentaria, económica e política que poidan concorrer.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a elaborar, ao abeiro do Consello Económico e Social, un informe de avaliación sobre as consecuencias da ralentización da macroeconomía no que se inclúan medidas transversais por sectores sociais e económicos de cara a evitar o aumento do empobrecemento da sociedade e prever medidas nos sectores máis damnificados a través dunha modificación e reordenación orzamentaria que deberá ser acordada antes do remate do primeiro período de sesións do ano. Esta proposta remitirase ao Parlamento Galego para o seu debate e aprobación.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2026 17:36:08

Ramón Fernández Alfonso na data 15/01/2026 17:36:18

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2026 17:36:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:39:15
Nº Rexistro: 45866
Data envío: 15/01/2026 17:39:15.762

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 17:39:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:39:15
Nº Rexistro: 45866
Data envío: 15/01/2026 17:39:15.762

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de mellorar o servizo de atención primaria no concello da Laracha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai moito tempo que a veciñanza da Laracha vén demandando unha maior dotación de servizos sanitarios no concello, servizos que consideramos moi necesarios e dos que xa contan desde hai moitos anos outros concellos con similar poboación ao noso. De feito, o concello da Laracha é o único de toda a área sanitaria da Coruña, con máis de 10.000 habitantes, onde non hai consultas ordinarias en horario de tarde, como tampouco existe a posibilidade de facer trámites administrativos en horario de tarde nin no centro da Laracha, nin no Consultorio de Caión.

Entendemos que na Laracha precísase crear como mínimo unha praza máis de médico e outra de enfermaría, preferibelmente en horario de tarde, pois os profesionais que prestan os seus servizos na actualidade están xa bastante saturados e atopámonos con esperas de varios días, algunhas veces unha semana ou máis, para unha cita normal co médico de cabeceira.

Como exemplo desta discriminación, o do concello de Betanzos, que ten unha poboación que supera en apenas 1.000 habitantes o da Laracha, conta con moitos máis médicos de Familia, algúns deles consultando en horario de tarde (2 máis que no noso concello onde contamos con 6 Médicos na Laracha e 1 en Caión), e conta tamén con dous Pediatras (na Laracha temos unha para unha poboación de 0 a 14 anos duns 1.200 nenas e nenos). Todo isto para atender unha poboación de pouco máis de 12.000 habitantes, sen contar outros servizos que atenden tamén a poboación doutros concellos como odontoloxía, fisioterapia, farmacia, RX e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras especialidades. Só para a poboación de Betanzos (apenas 1.000 habitantes máis que A Laracha) hai dous Médicos de Familia máis (algúns de tarde) e un Pediatra máis que no noso concello.

A posta en marcha dun turno de tarde na atención primaria da Laracha, axudaría a conciliar mellor a vida laboral e familiar, pois evitaría que moitas persoas teñan que pedir días de permiso ou agardar ás vacacións para poder acudir ao médico, ademais de que reduciría as listas de agarda, dado que actualmente, a cita para atención primaria non adoita baixar dunha semana de espera, e sen dúbida, máis persoal e máis horas axudarían a desconxestionar o servizo. Por último cabe salientar que non é preciso realizar máis reformas nos edificios, pois as instalacións xa existen, só falta dotalas do persoal necesario: médicos/as, enfermeiras/os e Persoal de Servizos Xerais (PSX), para que os espazos sexan utilizados tamén polas tardes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar ao centro de atención primaria de A Laracha dun servizo de consultas ordinarias e de servizos administrativos en horario de tarde, establecendo como mínimo nese horario unha consulta médica, outra de enfermaría e unha praza de Persoal de Servizos Xerais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 15/01/2026 17:45:25

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2026 17:45:35

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2026 17:45:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:46:35
Nº Rexistro: 45872
Data envío: 15/01/2026 17:46:35.449

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 17:46:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 17:46:35
Nº Rexistro: 45872
Data envío: 15/01/2026 17:46:35.449

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-4eA5YLWOC-5

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

